Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia en relación co impacto dos arrastres producidos tras os labores de restauración dos cortalumes executados pola Consellería do Medio Rural nos montes de titularidade pública do concello de Manzaneda

- 38522 (10/PRE-011811)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e 2 máis

Sobre as razóns da redución dos recursos para atender o alumnado con necesidades educativas especiais no CEIP Manuel Fraga Iribarne, de Cariño, no curso 2018-2019

- 38531 (10/PRE-011812)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre a dispoñibilidade polo Goberno galego dalgún estudo en relación coa viabilidade do establecemento dun sistema de matadoiriños móbiles e salas de despezamento que permita modificar a situación do sector ovino e cabrún ao respecto ou, se é o caso, as medidas que vai adoptar para evitar a incidencia da normativa actual no sector, á hora do sacrificio e despezamento

- 38574 (10/PRE-011813)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e 2 máis

Sobre a valoración e as actuacións previstas polo Goberno galego en relación coas condicións laborais e salariais existentes no sector da conxelación e refrixeración dos produtos do mar

- 38597 (10/PRE-011814)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e 2 máis

Sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego para reverter a situación de déficit nas principais producións agrícolas de Galicia

- 38654 (10/PRE-011815)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e 2 máis

Sobre o dispositivo posto en marcha para a extinción do incendio declarado o día 7 de outubro de 2018 no concello de Mondariz e os datos referidos ao seu funcionamento

- 38661 (10/PRE-011816)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da toma en consideración do acordo unánime do Pleno do Concello de Pontevedra en relación co proxecto de ampliación da estación depuradora de augas residuais dos Praceres, así como as alternativas que valora para solucionar os problemas de saneamento da ría

- 38674 (10/PRE-011817)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as razóns do baixo nivel de execución orzamentaria que presentan, a 30 de xuño de 2018, os programas da Consellería do Mar 723A, Competitividade e mellora da calidade da produción pesqueira e da acuicultura; 513A, Construción, conservación e explotación portuaria; e 514A, Infraestruturas pesqueiras, así como a opinión da Consellería respecto da consecución dos obxectivos políticos que tiñan asignados

- 38681 (10/PRE-011818)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula

Sobre o prazo previsto pola Xunta de Galicia para o impulso do proxecto de mellora do embarcadoro dos Chancís, no río Sil, no concello de Sober, e as súas intencións respecto da promoción e colaboración económica na adecuación dun embarcadoro para pequenas e medianas embarcacións no lugar de Xabrega, así como na habilitación dos seus accesos

Santiago de Compostela, 16 de outubro de 2018

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 05/10/2018 09:30  
Nº Rexistro: 38251  
Data envío: 04/10/2018 18:31:42.079

## Á Mesa do Parlamento

**Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa as actuacións a realizar diante da presentación do precurso de acredores por parte do hospital privado que mantén un concerto co Sergas POVISA.

Vimos de coñecer polos medios de comunicación que a dirección do Hospital privado POVISA ven de presentar precurso de acredores alegando perdas económicas segundo xustifican ocasionadas polo último Concerto asinado co SERGAS en 2014.

O grupo POVISA conseguiu condicionar o desenvolvemento previsto de 1.470 camas para o Hospital Alvaro Cunqueiro, que recortáronse nas 400 do Concerto Singular. Este recorte permitiulle manter o Concerto, o máis caro do Estado español e alcanzar unha posición dominante nas negociacións coa Xunta.

Pola actuación realizada polo Partido Popular na Xunta de Galiza a área sanitaria de Vigo mantén unha nefasta dependencia dun grupo empresarial privado que busca o seu beneficio económico e que é capaz de condicionar o desenvolvemento do Hospital Alvaro Cunqueiro, incrementar o gasto sanitario, e chantaxear á poboación e aos seus traballadores con un peche que deixaría a 1.400 traballadores na rúa a poboación sen as 400 camas necesarias para atender a 139.000 persoas.





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

A situación de POVISA é responsabilidade da Xunta e do Partido popular que apostou por condicionar área sanitaria en Vigo para seguir mantendo un concerto multimillonario con POVISA. Unha empresa que chantaxea a Galiza utilizando como reféns aos doentes e @s traballadores/as. Este grupo empresarial duplicou en 2017 os seus beneficios e o dono de POVISA é un dos máis ricos do Estado español.

Polo exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que actuacións está realizando para solucionar a situación creada por POVISA ao presentar o precurso de acredores?

Santiago de Compostela, 4 de outubro de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 05/10/2018 09:30**  
**Nº Rexistro: 38251**  
Data envío: 04/10/2018 18:31:42.079

**María Montserrat Prado Cores na data 04/10/2018 18:30:25**

**Ana Pontón Mondelo na data 04/10/2018 18:30:29**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 04/10/2018 18:30:30**

**Olalla Rodil Fernández na data 04/10/2018 18:30:31**

**Noa Presas Bergantiños na data 04/10/2018 18:30:40**

**Xosé Luis Bará Torres na data 04/10/2018 18:30:41**

## Á Mesa do Parlamento

**Patricia Vilán Lorenzo, María Luisa Pierres López, José Manuel Pérez Seco e Abel Losada Álvarez**, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Nos últimos anos, o Camiño Portugués a Compostela ten incrementado notablemente o número de peregrinos que pasan pola cidade de Pontevedra, facendo desta infraestrutura un motor fundamental para o noso desenvolvemento turístico, cultural e económico. No último ano 2017 chegaron a Pontevedra 67000 peregrinos, 14000 fixeron uso do actual albergue público e estas cifras van ir aumentando de aquí ao vindeiro Xacobeo 2021.

En marzo, este grupo parlamentario preguntaba ao Goberno galego sobre as principais carencias que Pontevedra ten en relación coas oportunidades de xeración de emprego e riqueza que ofrece o Camiño Portugués, tales como o feito de que só paren no albergue o 21 % dos peregrinos, que as 56 camas que ofrece o actual albergue resulten insuficientes e que a situación do actual albergue no entorno da estación de ferrocarril estea un tanto afastado. Por tal motivo, solicitábase que as 3 vivendas localizadas na Ponte do Burgo, coa intención de conservalas e rehabilitalas nunha futura actuación, fosen destinadas a acoller o novo albergue de peregrinos. O Goberno non pensa igual. En resposta de 13 de setembro, contestaba que non é necesario o incremento de prazas no albergue de peregrinos de Pontevedra porque as 56 camas son suficientes, porque non se debe entrar en maior concorrencia co sector privado existente e porque outras rutas xacobeas, como as declaradas oficialmente no ano 2016, precisan o investimento público en novos albergues. Mais a realidade é teimuda: o albergue deixa fóra cada día a máis de 150 peregrinos e os 3 albergues privados apenas realoxan a 70 camiñantes.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan a seguinte preguntas para o seu debate en Pleno:

Despois dos últimos datos de ocupación coñecidos, segue a considerar o Goberno da Xunta de Galicia que non cómpre o incremento substancial do número de prazas do albergue público de peregrinos de Pontevedra?

Pazo do Parlamento, 4 de outubro de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo  
María Luisa Pierres López  
José Manuel Pérez Seco  
Abel Losada Álvarez  
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 05/10/2018 10:35:07**

**María Luisa Pierres López na data 05/10/2018 10:35:12**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 05/10/2018 10:35:17**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 05/10/2018 10:35:23**

## Á Mesa do Parlamento

**Patricia Vilán Lorenzo, Luís Manuel Álvarez Martínez e Concepción Burgo López**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

A redución de oferta educativa nos concellos de Galicia afonda no progresivo desmantelamento de servizos públicos, como xa ten denunciado en repetidas ocasións este grupo parlamentario.

O día 21 de setembro, rexistrabamos iniciativas relativas á decisión da Consellería de Educación de agrupar o alumnado dos cursos 3º e 4º (21 alumnos en total) de Primaria do CEIP “Antonio Blanco”, no concello de Covelo (Pontevedra), agrupación coa que os pais e nais do alumnado non estaban de acordo, ademais de ser moi discutible por se tratar dunha ratio que supera o establecido para agrupar alumnado de Educación Primaria, segundo os criterios que se viñan empregando. Curiosamente, 5 días despois do rexistro das iniciativas, os medios de comunicación recollían que as materias “instrumentais” se recibirían por separado e que o centro dispón de profesorado suficiente para atender ás necesidades do alumnado, polo que ata se podería formular un desdobre da aula de 3º e 4º.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Vai tomar o Goberno a decisión de desfacer o agrupamento da aula de 3º e 4º de Primaria do CEIP “Antonio Blanco”, de Covelo?

Pazo do Parlamento, 5 de outubro de 2018

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 05/10/2018 10:37:37**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 05/10/2018 10:37:43**

**Maria de la Concepción Burgo López na data 05/10/2018 10:37:47**

## Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Patricia Vilán Lorenzo, María Luisa Pierres López e Luís Álvarez Martínez, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A concesión de subvencións en Galicia está regulada na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia desenvolvida no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, configurando o marco legal ao que se debe adaptar a xestión das subvencións concedidas en Galicia.

Así, a Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, no seu Capítulo II establece as disposicións comúns ás subvencións públicas e indica que *“os órganos da administración que propoñan o establecemento de subvencións, con carácter previo, deberán concretar nun plan estratéxico de subvencións, os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento, e supeditaranse, en todo caso, ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria”* e o Decreto 11/2009 polo que se aproba o Regulamento desenvolve no seu capítulo II a planificación e o contido dos ditos plans estratéxicos.

De igual xeito, o artigo 9.1 da Lei 9/2007 establece que *“o procedemento ordinario de concesión de subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva”*, aínda que no seu punto 4 indica en que casos se poderán conceder subvencións de forma directa, desenvolvendo no Capítulo III o procedemento de concesión directa, que é regulado no Capítulo II do Decreto 11/2009.

Á vista destes datos as deputadas e o deputado que asinan preguntan:

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (anterior Consellería de Medio Ambiente) ten elaborado o Plan estratéxico de subvencións da súa consellería?

Pazo do Parlamento, 4 de outubro de 2018



**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 05/10/2018 10:51:23**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 05/10/2018 10:51:29**

**María Luisa Pierres López na data 05/10/2018 10:51:37**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 05/10/2018 10:51:41**

## Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, José Manuel Pérez Seco e Raúl Fernández Fernández, deputada e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A concesión de subvencións en Galicia está regulada na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia desenvolvida no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, configurando o marco legal ao que se debe adaptar a xestión das subvencións concedidas en Galicia.

Así, a Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, no seu Capítulo II establece as disposicións comúns ás subvencións públicas e indica que *“os órganos da administración que propoñan o establecemento de subvencións, con carácter previo, deberán concretar nun plan estratéxico de subvencións os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento, e supeditaranse, en todo caso, ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria”* e o Decreto 11/2009 polo que se aproba o Regulamento desenvolve no seu capítulo II a planificación e contido dos ditos plans estratéxicos.

De igual xeito, o artigo 9.1 da Lei 9/2007 establece que *“o procedemento ordinario de concesión de subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva”*, aínda que no seu punto 4 indica en que casos se poderán conceder subvencións de forma directa, desenvolvendo no Capítulo III o procedemento de concesión directa, que é regulado no Capítulo II do Decreto 11/2009.

Por iso a deputada e os deputados que asinan preguntan:

Ten elaborado a Consellería do Medio Rural o Plan estratéxico de subvencións da súa consellería?

Pazo do Parlamento, 5 de outubro de 2018





**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 05/10/2018 12:20:02**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 05/10/2018 12:20:09**

**Raúl Fernández Fernández na data 05/10/2018 12:20:18**

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Paula Vázquez Verao, Flora María Miranda Pena e Luís Villares Naveira,** deputadas e deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

A Atención Temperá é un conxunto de intervencións dirixidas á poboación infantil de 0 a 6 anos, á súa familia e ao seu contorno, que ten por obxectivo dar resposta temperá ás necesidades transitorias ou permanentes que presentan os nenos e as nenas con trastornos no desenvolvemento ou en risco de padecelos. Deste xeito, a Atención Temperá non se relaciona unicamente coas diversidades funcionais e ten unha dimensión comunitaria e social moi importante, configurándose como unha atención integral biopsicosocial. Asemade, a disposición de recursos suficientes para a prevención permite evitar situacións futuras de trastornos de desenvolvemento.

O Libro Branco da Atención Temperá, elaborado por asociacións e profesionais de todo o Estado, establece como principios da Atención Temperá a gratuidade, a universalidade e a transversalidade.

O Decreto 183/2013 crea a Rede Galega de Atención Temperá, pero a extensión dos servizos de Atención Temperá no territorio galego é moi deficitario e territorialmente desigual. Só 92 concellos contan con servizos de proximidade de Atención Temperá, quedando gran parte do territorio galego sen cobertura, habendo comarcas ben cubertas e outras con sobrecarga asistencial, dándose demoras superiores aos 50 días para a primeira consulta, cando o estándar internacional é de 30 días como máximo. Esta situación é aínda máis alarmante



no contexto da crise económica e os seus efectos de desigualdade e pobreza, pois acentúanse as necesidades da Atención Temperá nestas circunstancias.

O financiamento dos servizos da Rede Galega de Atención Temperá realízase a través da convocatoria dunha liña de subvencións por parte da Xunta, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo PO FSE Galicia 2014-2020, destinadas ás entidades locais. Ademais, a Xunta subvenciona tres unidades de atención temperá (UDIAF) xestionadas pola AGAT, coa que mantén un convenio de colaboración. 1,4 millóns de euros consignados nos Orzamentos de 2018 para a Atención Temperá son claramente insuficientes, precisándose, segundo a AGAT, entre 30 e 40 equipos comunitarios para cubrir todas as comarcas galegas, o que faría preciso triplicar este orzamento. Para achegarse á media estatal, Galicia debería ter xa un investimento en AT en torno a 6-7 millóns de euros. O investimento en Atención Temperá por crianza/ano da Xunta é de 14 €, moi por baixo de Madrid, a segunda CA que menos dedica (29 €) ou Catalunya, a que máis (91 €).

A financiación dos servizos de Atención Temperá é inestable, pois entre que sae a orde de subvencións do ano seguinte (en torno a abril) e remata a vixente (31 de outubro) pasan meses nos que o servizo continúa por vontade dos concellos, con fondos propios. Isto xera inestabilidade profesional, coa conseguinte falta de formación e coordinación das equipas e as dificultades para afondar en mecanismos de vinculación e cooperación coa infancia e familias usuarias da Atención Temperá.

Por outra parte, os criterios de valoración das solicitudes son moi esixentes e as fórmulas de xustificación moi burocratizadas.



O que se subvenciona por hora de traballo nos servizos de Atención Temperá é excesivamente baixo (19,42 € por hora traballada), por baixo da media estatal, a pesares de ser un servizo moi especializado.

As tres UDIAF amosan un alto grao de satisfacción por parte das familias usuarias.

No caso da UDIAF do Salnés é necesario un reforzo, pois hai lista de agarda e priorízanse tarefas de asistencia sobre as de prevención. A falta de recursos neste tipo de servizos obriga a priorizar o nivel asistencialista e non traballar o suficiente en prevención.

Galiza é a Comunidade Autónoma do Estado que, con moita diferenza, menor orzamento adica á Atención Temperá e que menor porcentaxe de poboación infantil cobre.

Ademais do atraso orzamentario de Galiza a respecto do resto do Estado, hai tamén un atraso normativo. Isto motiva que aínda non exista un sistema regulador das instalacións e dotacións dos equipos en función das necesidades e da poboación diana a cubrir. Por iso, é fundamental desenvolver unha Orde que concrete o Decreto 183/2013.

Por outra parte, a formación de todos e todas as profesionais implicadas na detección precoz de síntomas en nenos e nenas susceptibles de acudir a Atención Temperá é escasa.

Ademais, en 2014 formalizouse o Protocolo de coordinación e intervención en Atención Temperá, pero non hai unha coordinación interadministrativa suficiente.

Na actualidade non hai un software unificado para estes servizos, a pesares de que a AGAT fixo entrega á Xunta e á empresa INDRA dun programa informático de contrastada eficacia para facilitar a xestión e avaliación unificada dos centros, sen que a Administración dera resposta algunha. A inexistencia deste software provoca que as e os profesionais dos equipos de Atención Temperá teñan que usar gran número de horas en tarefas burocráticas.

Tendo en conta que a Atención Temperá é un servizo esencial para garantir a igualdade de condicións entre todas as nenas e nenos, é necesario acadar a poboación que precise este servizo (como mínimo, o 5% da poboación infantil), sexa cal sexa a súa situación xeográfica, mellorar a detección precoz, dispor dunha rede comunitaria que posibilite a intervención social coas familias, garantir a alta cualificación profesional e especialización das e dos profesionais da Atención Temperá e facilitar o seu traballo en rede. Fronte a isto, a Xunta conxelou o investimento en Atención Temperá e paralizou o desenvolvemento do Decreto 183/2013 e dos seus organismos de coordinación, así como o desenvolvemento da Axenda de Atención Temperá 2015-2017 e o Plan de Formación da EGAP.

Polo exposto, as deputadas e deputado que subscriben presentan a seguinte pregunta:

- Cando vai a Xunta superar o atraso histórico que a fai ser a peor Comunidade Autónoma no desenvolvemento da Atención Temperá?

Santiago de Compostela, 8 de outubro de 2018.



Asdo.: Paula Vázquez Verao

Flora María Miranda Pena

Luís Villares Naveira

Deputadas e deputado do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Vázquez Verao na data 08/10/2018 10:21:39**

**Flora María Miranda Pena na data 08/10/2018 10:21:48**

**Luis Villares Naveira na data 08/10/2018 10:22:06**

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Abel Fermín Losada Álvarez, Patricia Vilán Lorenzo e Juan Manuel Díaz Villoslada, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A Comisión Galega de Cooperación Local vén contemplada na Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia no seu Título V, Capítulo II, artigos 188-192, na que se establece como o órgano permanente de colaboración para a coordinación entre a Administración autonómica e as entidades locais galegas.

No artigo 191 da dita Lei de Administración local de Galicia, establécese que:

*“A Comisión Galega de Cooperación Local poderá exercelas funcións consultiva e deliberante nas seguintes materias:*

- a) Emitir informe sobre os anteproxectos de lei, os regulamentos e os decretos que atinxan o réxime local.*
- b) Propoñer medidas de asistencia e asesoramento aos concellos, especialmente a través do estudo, da información e da difusión das materias que os afecten.*
- c) Informar das necesidades e insuficiencias dos municipios galegos en materia de servizos mínimos e propoñer criterios xerais para acordala dispensa da súa prestación.*
- d) Velar polo cumprimento dos principios de autonomía e suficiencia financeira das entidades locais.*
- e) Estudar e propoñer as medidas que crea convenientes en relación coa situación económico-financeira das entidades locais.*
- f) Propoñer criterios de colaboración e coordinación para que as diferentes administracións públicas exerzan as súas funcións de cooperación económica, técnica e administrativa.*

## Grupo Parlamentario

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

- g) *Coñecer e emitir informe sobre os acordos das comisións que se creen para a transferencia e delegación de competencias propias da Comunidade Autónoma nas entidades locais para a encomenda de xestión, así como emitir informe previo nos casos de revogación da delegación ou da encomenda de xestión.*
- h) *Estudiar e propoñer criterios para a distribución do Fondo de Cooperación Local.*
- i) *Coñecer e emitir informe sobre os proxectos de plans provinciais de cooperación ás obras e aos servizos de competencia municipal.*
- j) *Propoñer e emitir informe sobre os convenios ou outras fórmulas de colaboración interadministrativa que poidan subscribirse entre a Comunidade Autónoma e as deputacións provinciais”*

O Goberno galego convocou a Comisión Galega de Cooperación Local o 20 de abril de 2017, despois de 8 anos sen que se reunise nin unha soa vez. Nesa reunión adoptáronse unha serie de acordos aprobados por unanimidade.

Á vista destes datos, as deputadas e os deputados que asinan preguntan:

Que balance fai o Goberno galego sobre os acordos adoptados no seo da Comisión Galega de Cooperación Local desenvolvida o 20 de abril de 2017?

Pazo do Parlamento, 5 de outubro de 2018

**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 08/10/2018 10:56:55**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 08/10/2018 10:56:59**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 08/10/2018 10:57:08**

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 08/10/2018 10:57:15**



## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Abel Losada Álvarez, José Manuel Pérez Seco e Raúl Fernández Fernández, deputada e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O 23 de marzo de 2017, o Consello da Xunta aprobou un documento elaborado pola Consellería do Medio Rural para fixar poboación no rural dotado con 230 millóns de euros procedentes de fondos europeos para cohesión territorial, innovación e formación, agricultura sustentable, mellora da competitividade, impulso da cooperación e remuda xeracional.

Segundo manifesta o Goberno, o Plan xira arredor de seis grandes eixes, a través de 23 medidas, coa previsión de crear uns 3.000 empregos directos no agro galego e a posta en valor de case 330.000 hectáreas dende o punto de vista agrogandeiro e forestal no período 2017-2020.

Sendo o seu principal obxectivo a cohesión territorial e o mantemento da poboación, apoiando os modelos de negocio no rural, tanto a través do aproveitamento dos seus recursos endóxeos (agrogandeiro e forestal) como dos novos eidos de negocio. Busca tamén acadar un desenvolvemento territorial equilibrado das economías e comunidades rurais e a creación e conservación do emprego.

Por iso a deputada e os deputados que asinan preguntan:

Cal foi a execución da partida ou partidas destinadas a este plan no ano 2017?

Pazo do Parlamento, 8 de outubro de 2018

**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 08/10/2018 10:59:16**



---

**Grupo Parlamentario**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 08/10/2018 10:59:25**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 08/10/2018 10:59:33**

**Raúl Fernández Fernández na data 08/10/2018 10:59:40**

---

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

---

## Á Mesa do Parlamento

 Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Abel Fermín Losada Álvarez deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

No DOG do 20 de xaneiro de 2017, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza publicou a Orde do 30 de decembro de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a creación e/ou a mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinados a concellos de Galicia para o ano 2017, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020.

A dita subvención vai destinada aos concellos galegos, de forma individual ou mediante asociacións ou agrupacións de concellos, para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, segundo se indican na propia orde; co obxecto de proporcionar á poboación rural os servizos básicos que cubran as súas principais necesidades, proporcionando benestar e facilitando a implantación de actividades que poidan xerar emprego e fixar poboación, apoiando a implantación e mellora dos servizos á poboación rural e procurando satisfacer as novas necesidades dos habitantes e das empresas das áreas rurais.

Para a materialización do obxecto exposto na Orde de subvención se destinan 1.986.666€ e o prazo de execución, ampliado pola Orde *do 27 de outubro de 2017*, foi ata o 15 de novembro de 2017.

Á vista destes datos a deputada e o deputado que asinan preguntan:

Considera o Goberno galego que esta subvención acadou os obxectivos perseguidos e establecidos na propia orde de subvencións?



---

**Grupo Parlamentario**

Pazo do Parlamento, 8 de outubro de 2018

---

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 08/10/2018 11:00:29**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 08/10/2018 11:00:36**

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Xoaquín Fernández Leiceaga e Abel Fermín Losada Álvarez, deputada e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A estratexia de Investimento Territorial Integrado (ITI) foi creado para proporcionar unha resposta eficaz a determinadas cuestións de índole territorial, cun enfoque multidimensional, en función dos resultados e as características específicas de cada área territorial. Isto supón ir máis lonxe con respecto dos límites administrativos tradicionais e requírese unha participación e disposición nos diferentes niveis de goberno para cooperar e coordinar así, diferentes accións co fin de acadar obxectivos compartidos.

A ITI é un instrumento habilitado pola regulación comunitaria en apoio ás accións integradas nun territorio, permitindo combinar o financiamento vinculado a diferentes obxectivos temáticos e a diferentes programas apoiados polos Fondos Estruturais e de Investimento Europeos (EIE).

O obxectivo principal do mecanismo dos ITI é o desenvolvemento de estratexias flexibles para dar respostas integradas ás diversas necesidades territoriais.

Por iso, a introdución desta nova ferramenta de integración, utilizada para implementar estratexias territoriais sobre o terreo, vincula obxectivos concretos cunha gobernanza máis activa e vinculada. Incidindo nun desenvolvemento comarcal guiado pola Comunidade Autónoma ou outras administracións.

No programa operativo Feder Galicia 2014-2020 os fondos destinados á ferramenta do Investimento Territorial Integrado representan na actualidade un 15,7 % do total dos fondos Feder, é dicir, ascendendo a 138.918.756 €, cunha execución coñecida baixa. Son fondos que sustentan a chamada Estratexia Atlántica: ITI Azul, sendo xestionados de forma coordinada pola Autoridade de Xestión do Programa co apoio da Xunta de Galicia.

## Grupo Parlamentario

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O “Acordo de Asociación de España 2014-2020”, aprobado pola Comisión Europea o 4 de novembro de 2014, recolle no seu apartado 3.1.2, o desenvolvemento de catro Investimentos Territoriais Integrados, deixando aberta a posibilidade do desenvolvemento doutras ITI, nos supostos nos que se detectase a necesidade de expor enfoques integrados e un feito diferencial no territorio que os xustifique.

A Comisión Europea adoptou o programa Espon 2013, como ferramenta para lograr os obxectivos descritos e co fin de recadar información sobre as dinámicas e potenciais territoriais para o desenvolvemento sostible e equilibrado das rexións europeas, prestando especial atención o fenómeno do despoboamento observable nas diferentes zonas da Unión.

A dita cuestión, como é coñecido, incide de xeito fundamental en toda Galicia e, moi especificamente na provincia de Ourense, a cal padece unha fonda regresión demográfica en moitas das súas comarcas. A existencia de zonas cunha gran dispersión territorial dos núcleos de poboación, unido á súa baixa densidade e a dificultade orográfica, contribúen a preservar e acentuar a dicotomía entre as contornas urbanas e rurais, dificultando a xestión dos recursos e servizos públicos sobre o terreo, nun contexto de elevado envellecemento poboacional e risco de despoboamento. As variacións á baixa de poboación en moitas comarcas galegas é moi significativo e, soamente nos últimos quince anos, alcanzan as veces ata unha porcentaxe de preto do – 25 %.

Vemos datos da provincia de Ourense desoladores como que é a primeira provincia de todo o territorio español que conta con máis xubilados que cotizantes, unha liña vermella que a provincia de Lugo está a punto de pasar. Cerca do 90 % dos 92 concellos de Ourense xa están a abonar máis prestacións que nóminas, segundo os últimos datos da Seguridade Social.

Sendo as comarcas máis rurais e interiores de Galicia as que están a sufrir máis este paradigma de descenso demográfico e ante a insuficiencia e exíguo deseño e resultados na estratexia demográfica levada a cabo pola Xunta de Galicia, débese facer uso desta nova ferramenta de Investimento Territorial Integrado (ITI), en consonancia ca proposta da Comisión Europea para o período financeiro actual (2014-2020).



---

**Grupo Parlamentario**

Por todo o cal a deputada e os deputados que asinan preguntan:

Considera o Goberno galego que os fondos do ITI poden servir para tratar de reverter o paradigma demográfico galego?

---

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Pazo do Parlamento, 8 de outubro de 2018

**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 08/10/2018 11:05:43**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 08/10/2018 11:05:50**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 08/10/2018 11:06:02**

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, María Luisa Pierres López e Luís Manuel Álvarez Martínez, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O polígono industrial da Madanela no concello de Melide, presta servizo a toda a comarca, contando na actualidade só con tres parcelas para a venda dispoñibles, que representan un total 7.892 metros cadrados, sen que conste previsión algunha por parte das institucións públicas de aumentar a oferta de solo industrial en Melide.

Polos datos anteriormente expostos, é doado prever que no presente e no futuro inmediato haberá necesidade de máis solo industrial, sendo a construción da autoestrada A-54 unha oportunidade, facendo do concello de Melide un enclave estratéxico; enclave que require ser activos nos planteamentos, co fin de evitar improvisacións e o bloqueo derivado de situacións da falta de solo industrial que coarten a posibilidade de desenvolvemento económico, polo que os trámites administrativos, que adoitan ser longos, deben ser iniciados á maior brevidade posible, constituíndo unha prioridade para o desenvolvemento económico do concello de Melide e a súa comarca.

A superficie do polígono industrial da Madanela está incluída na figura de protección ambiental Rede Natura 2000, o que implica limitacións para aumentar a reserva de solo industrial e a súa posible ampliación, aínda que cabe destacar que o polígono xa estaba en funcionamento cando se delimitou a dita area de protección.

A Lei do solo de Galicia permite que cando sexa preciso para o desenvolvemento económico dunha vila e dunha comarca, modificar a catalogación do solo afectado por Rede Natura 2000 e a propia Directiva de hábitats, a Rede Natura 2000 non implica limitacións de uso nin de desenvolvemento económico e industrial, debendo terse en conta as esixencias económicas, culturais e sociais. Todo isto conxugado cun estado de conservación favorable da natureza.





## Grupo Parlamentario

Para a descatalogación parcial dun espazo incluído en Rede Natura 2000, a competencia recae na Xunta de Galicia e concretamente na Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

Á vista destes datos, as deputadas e o deputado que asinan preguntan:

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Vai o Goberno galego facer un estudo que asegure a oferta de solo que permita reter o investimento industrial neste concello?

Pazo do Parlamento, 8 de outubro de 2018

**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 08/10/2018 11:08:11**

**María Luisa Pierres López na data 08/10/2018 11:08:18**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 08/10/2018 11:08:22**

## Á Mesa do Parlamento

José Manuel Pérez Seco e Abel Fermín Losada Álvarez, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A Xunta de Galicia elaborou “O Plan director do Camiño de Santiago 2015-2021” que, segundo expón, suporá unha ferramenta de xestión para o Goberno galego e unha folla de ruta que marcará as directrices para favorecer a conservación e a protección do Camiño na nosa comunidade. O dito Plan director consta de 4 obxectivos, 5 retos e 4 eixes de desenvolvemento coas súas liñas estratéxicas.

No seu apartado 7. *Plans de actuación e accións prioritarias*. Contémplase a liña estratéxica 7 -especialización e calidade no servizo de atención ao peregrino- que recolle no punto 7.5 *garantía dun servizo continuado de seguridade e plans de asistencia sanitaria e de emerxencia no camiño* co obxectivo de *garantir a asistencia sanitaria ao peregrino e de seguridade tanto ao peregrino coma no Camiño con carácter permanente en todos os camiños*.

Ao igual que en todos os plans de actuación márcanse uns indicadores de execución, e neste punto 7.5 son os seguintes: *nº de incidencias sanitarias por camiño / nº de denuncias rexistradas no camiño*.

Con relación ao anteriormente exposto o Grupo Parlamentario Socialista rexistrou unha pregunta para a súa resposta por escrito co número de rexistro 36503 á que respondeu o Goberno galego co documento número 37926, co seguinte contido: *“Non é posible achegar dita información xa que os sistemas de información do Servizo Galego de Saúde non rexistran se a persoa atendida é peregrino. Ao non dispoñer deste código específico non é posible facilitar o número de atencións realizadas neses anos”*.

Por iso os deputados que asinan preguntan:

Cal é a función dos indicadores de execución no Plan director do Camiño de Santiago no punto 7.5?

Pazo do Parlamento, 8 de outubro de 2018

**Asinado dixitalmente por:**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 08/10/2018 12:25:03**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 08/10/2018 12:25:12**

## Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Abel Losada Álvarez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

No Proxecto de orzamentos xerais do Estado para 2018 consignan 42,5 millóns de euros para Galicia do Fondo de Compensación Interterritorial (FCI), é dicir, un 4,1 % menos que no 2017, rexistrando o segundo maior descenso de todas as comunidades autónomas.

Polo exposto, a deputada e o deputado que asinan preguntan:

Considera o Goberno galego a converxencia, en renda e riqueza, entre as comunidades autónomas, un obxectivo político prioritario?

Pazo do Parlamento, 8 de outubro de 2018

**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 08/10/2018 16:27:35**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 08/10/2018 16:27:43**

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Abel Fermín Losada Álvarez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

No BOE do 6 de agosto de 2014, publicouse o Real decreto 675/2014, do 1 de agosto, polo que se establecen as bases reguladoras de axudas para o impulso económico das comarcas mineiras do carbón, mediante o desenvolvemento de proxectos de infraestruturas e proxectos de restauración de zonas degradadas a causa da actividade mineira.

Na exposición de motivos establécese que o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo acordou coas organizacións sindicais e empresariais, un marco de actuación para a minaría do carbón e as comarcas mineiras para o período 2013-2018, no que se ten trasladado a necesidade de incluír, entre outras, medidas destinadas a aliviar as consecuencias sociais e rexionais do peche das minas.

Este real decreto establece e regula a concesión de axudas orientadas a fomentar o desenvolvemento alternativo das comarcas mineiras do carbón, entre outras, para a execución de proxectos de infraestruturas de carácter anual ou plurianual que serán financiadas con cargo aos créditos orzamentarios do Instituto para a reestruturación da minería do carbón e o desenvolvemento alternativo das comarcas mineiras (IRMC), no marco da política de desenvolvemento alternativo das zonas mineiras do carbón para o período 2013-2018.

O ámbito xeográfico establecido para estas axudas, artigo 4, establece que, con carácter excepcional se poderán contemplar actuacións concretas nos concellos afectados pola minaría do carbón na comunidade autónoma de Galicia e que detalla no Anexo II (A Coruña: A Capela,, As Somozas, Carballo, Carral, Cerceda, Culleredo, Laracha, Mañón, Monfero, Ordes, Ortigueira, San Sadurniño, Tordoia, Pontes de García Rodríguez. Lugo: Muras e Xermade).



## Grupo Parlamentario

Para a selección das actuacións que se pretendan financiar, crearase unha comisión de cooperación entre o Instituto para a reestruturación da minaría do carbón e desenvolvemento alternativo das comarcas mineiras (IRMC) e a Comunidade Autónoma, que se reunirán de modo ordinario, unha vez ao ano.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Tres anos e medio despois da entrada en vigor deste Real decreto, sendo o último ano do marco de actuación e cando se está a piques de iniciar a tramitación dos orzamentos xerais do Estado para 2018.

Por iso a deputada e o deputado que asinan preguntan:

Cales foron as xestións feitas polo Goberno galego para recuperar os fondos Miner anulados unilateralmente polo Goberno do Estado no ano 2011?

Pazo do Parlamento, 8 de outubro de 2018

**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 08/10/2018 16:25:47**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 08/10/2018 16:25:54**

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Abel Fermín Losada Álvarez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A Sala III, do Contencioso-Administrativo, do Tribunal Supremo estableceu como doutrina que o método de comprobación do valor real dos inmobles, aos efectos do cálculo do Imposto sobre Transmisións Patrimoniais, que posibilita a Lei xeral tributaria, que consiste en multiplicar o valor catastral por un coeficiente, non é idóneo nin axeitado, salvo que se complementa cunha comprobación directa por parte da Administración do inmovible concreto sometido a valoración.

O Tribunal fixa esta doutrina en catro sentenzas ditadas nos últimos días, nas que os cidadáns declaraban como valor o prezo declarado na escritura de compra, mentres que a Xunta de Castela-A Mancha pretendía elevar os ditos valores declarados para efectuar a liquidación do Imposto sobre Transmisións Patrimoniais.

Polo que a Xunta de Galicia ten que aplicar os cambios necesarios para a adaptación da normativa.

Por iso a deputada e o deputado que asinan preguntan:

Cando vai a Xunta de Galicia modificar a Orde do 26 de decembro de 2016, pola que se modifica a Orde do 28 de decembro de 2015 pola que se regulan os medios de comprobación do valor dos bens inmobles que se utilizarán, dos previstos no artigo 57 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, no ámbito dos impostos sobre sucesións e doazóns e sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, así como a normativa técnica xeral, co fin de adaptar a normativa á nova doutrina sobre o método de comprobación do valor real de inmobles aos efectos do cálculo do Imposto sobre transmisións patrimoniais?



 Grupo Parlamentario

Pazo do Parlamento, 8 de outubro de 2018

---

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 08/10/2018 16:26:48**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 08/10/2018 16:26:56**



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, María Concepción Burgo López, Patricia Vilán Lorenzo e Juan Manuel Díaz Villoslada, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

No Pleno do 19 de decembro de 2017 aprobouse a Lei de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, publicada no DOG o 2 de xaneiro de 2018, Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.

No trámite desta lei, o Grupo Parlamentario Socialista presentou unha emenda que citamos textualmente:

“Emenda nº43, de adición. Disposición derradeira cuarta

**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

da instalación eléctrica que está a supoñer incidencias destacadas no propio centro e na súa contorna?

-Que medidas pensa tomar o Goberno Galego no referente á reparación do tellado do CEIP Curros Enríquez?

-Ten pensado o Goberno Galego acometer as melloras para o patio interior dotándoo dunha cuberta que permita o seu uso, independentemente das condicións climatolóxicas?

-Non considera máis que necesaria a ampliación das dependencias actuais do comedor escolar tendo en conta que é empregado por máis de 100 alumnas e alumnas todos os días?

Santiago de Compostela, 5 de outubro de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

**Luis Bará Torres**

**Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

PARLAMENTO  
DE GALICIA



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 05/10/2018 13:49**  
**Nº Rexistro: 38294**

Data envío: 05/10/2018 13:49:08.005

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 05/10/2018 13:47:02**

**María Montserrat Prado Cores na data 05/10/2018 13:47:07**

**Ana Pontón Mondelo na data 05/10/2018 13:47:09**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 05/10/2018 13:47:10**

**Noa Presas Bergantiños na data 05/10/2018 13:47:11**

**Xosé Luis Bará Torres na data 05/10/2018 13:47:15**

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Paula Vázquez Verao**, deputada do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

Tal como xa viñamos denunciando dende En Marea, ao longo dos máis de dous anos de vixencia da Tarxeta Benvida téñense producido atrasos no pagamento mensual e ausencia dunha pauta fixa de pagamento. A falta dunha pauta no pago da axuda non permitía ás familias facer unha planificación dos gastos e ingresos mensuais, ao non saber no mes en curso se ían contar cos 100 € correspondentes a ese período. Isto sigue sucedendo nos casos das familias con crianzas nadas en 2017.

Como dicíamos dende En Marea, mudar o sistema de pagamento dende a periodicidade mensual a un ou dous ingresos co total da axuda, como se fai na Orde para 2018, resolvería a situación descrita no tema dos pagos mensuais, sempre e cando se axilizara a resolución de axuda e os pagos se fixeran sen dilación a inicio do período de vixencia da axuda e a inicio do ano seguinte. Sen embargo, familias galegas denuncian tardanza na concesión, o que motiva que durante os primeiros meses de vida da crianza – que son nos que se produce un maior volume de gasto – non se poida gozar desta axuda.

Familias galegas denuncian, ademais, que, consultada a Consellería de Política Social sobre a cuestión da tardanza, a Administración amosaba descoñecemento a respecto de cando se ía proceder ao pago da axuda.

Un dos gastos cos que se pode utilizar a Tarxeta Benvida é a vacina fronte ao meningococo B, da cal se autorizou a súa venda en Galicia con receita dende





outubro de 2015, e que é aconsellada pola Asociación Española de Pediatría para todas as nenas e nenos a partires de 2 meses de idade, pero que non está incluída con carácter universal no calendario de vacinación galego. Nesta situación, son moitas as familias que empregan a Tarxeta Benvida para o pago desta vacina, da cal se recomendan de dúas a tres doses, máis outra de reforzo, dependendo de cando se comece a vacinación. Cada dose da vacina Bexsero, a única dispoñible neste momento para previr a meninxite B, ten un custe de 106,15 € nas farmacias e o seu abastecemento é limitado.

Tendo en conta que non se solucionaron os problemas de tardanza na concesión e pagamento da Tarxeta Benvida e que as familias galegas sufriron en xeral unha merma do seu poder adquisitivo durante a crise, faise necesario que a Administración axilice os prazos da tramitación e concesión desta axuda destinada a destinada a “contribuír ao pagamento dos gastos realizados no primeiro ano de vida do neno ou nena”, así como durante os tres primeiros anos no caso das familias con renda igual ou inferior aos 22.000 €.

Asemade, a día de hoxe, malia que a Xunta se comprometeu a resolver problema, continúa a discriminación das familias de migrantes en situación de irregularidade administrativa, que non poden acceder á Tarxeta Benvida, pese a ter este colectivo máis dificultades para o acceso a produtos básicos para a infancia que o resto da poboación. A razón é que as persoas migrantes en situación irregular compren o requisito de residencia en Galicia, pero non poden acceder á axuda por ausencia de DNI ou NIE.

Polo exposto, a deputada que subscribe presenta as seguintes preguntas:

1. A que se debe a tardanza na resolución das axudas da Tarxeta Benvida?



2. A que se debe o descoñecemento por parte da Administración sobre os prazos de aboamento?
  
3. Vai permitirse o uso da Tarxeta Benvida en comercio electrónico?
  
4. Cando se van solucionar as dificultades de acceso á Tarxeta Benvida por parte de migrantes en situación de irregularidade administrativa?

Santiago de Compostela, 8 de outubro de 2018.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Vázquez Verao na data 08/10/2018 10:55:02**

## Á Mesa do Parlamento

**Abel Losada Álvarez, Patricia Vilán Lorenzo e José Manuel Pérez Seco**, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A Autoridade Portuaria de Vigo é un ente de carácter público, dependente de Portos do Estado polo tanto do Ministerio de Fomento, que ten entre outras as seguintes competencias: ordenación da zona de servizo do porto e dos usos portuarios; planificación, proxecto, construción, conservación e explotación das obras e servizos do porto e dos sinais marítimos; fomento de actividades industriais e comerciais relacionadas co tráfico marítimo ou portuario; coordinación das operacións das distintas modalidades de transporte no espazo portuario.

A súa área de influencia supera a cidade de Vigo, estendéndose por outros catro concellos: Cangas, Moaña, Vilaboia e Redondela, ocupando tanto terreos do Dominio Público Marítimo Terrestre como aterramentos que se levaron a cabo nas últimas décadas. Ao longo duns 5 quilómetros, e arredor de 20 hectáreas da beiramar do concello de Redondela, están suxeitos ás directrices que emanan dende a Presidencia e o Consello de Administración da Autoridade Portuaria de Vigo.

Xa na actualidade varias empresas están radicadas na zona preto do mar, con importantes aterramentos, mesmo dentro da Rede Natura 2000. Unha das parcelas de maior tamaño constitúena os terreos da Empresa Duchess, ou do “Cargadoiro de Mineral de Rande”. Nos últimos anos dende a Presidencia da Autoridade Portuaria tense manifestado interese por rentabilizar os terreos ociosos desta concesión, ao igual que os de David Fernández Grande, ou “Cargadoiro de Pedra”.

A primeira das propostas que o presidente da Autoridade Portuaria lanzou propoñía converter estes terreos enclavados no Estreito de Rande en peirao para arranxo de barcos, ou para aqueles que puidesen quedar abandonados. Mesmo recollía a posibilidade de desmantelar o propio cargadoiro, unha das pezas máis singulares da histórica industrialización da beiramar de Redondela.

Nas últimas semanas o propio presidente da Autoridade Portuaria vén de presentar a proposta de adquirir os terreos pertencentes á empresa Duchess, co fin

de construír un novo vial de entrada e saída de camións. Converteríase este ámbito, de algo máis de 40.000 metros cadrados, nun grande espazo de almacenamento de contedores, en pleno corazón da Rede Natura 2000. Segundo transcendeu publicamente, a proposta conta co respaldo do Consello de Administración da Autoridade Portuaria, da que forman parte Alfonso Rueda, Ignacio López Chaves e Mercedes Rodríguez.

Nalgunha das declaracións de López Veiga ten recollido a necesidade de recuperar a actividade no “Cargadoiro de Pedra” de Rande, e mesmo chegar aínda máis a dentro, ata a Punta Soutela, ámbito competencial ao que chega a Autoridade Portuaria.

Calquera das alternativas propostas volve a poñer en grave risco o xa de por si difícil equilibrio medioambiental dun espazo tan singular como o Estreito de Rande, a Enseada de San Simón, espazo declarado Lugar de Interese Comunitario (LIC), Rede Natura 2000.

Este espazo singular, alberga o escenario da Batalla Naval de Rande, o Museo Meirande, ademais doutros elementos de grande valor como a Illa de San Simón, os restos da fortificación defensiva de Rande, a praia de Cesantes, e numerosas mostras de patrimonio industrial e etnográfico.

Un proxecto destas características vai levar aparelado un elevado investimento tanto na adquisición dos terreos como na execución das obras dos accesos. E vai ter un impacto moi negativo na calidade de vida da veciñanza de Rande e Cabana, debido principalmente ao tráfico pesado. En lugar de protexer e potenciar os valores culturais e ambientais da zona, preténdese alterar este espazo da beiramar converténdoo nun almacén de contedores.

Por outra banda, a Plataforma Loxística Salvaterra As Neves (Plisan), promovida pola Xunta de Galicia, Zona Franca e Autoridade Portuaria, logo de máis de unha década de retraso, está no proceso de urbanización da primeira fase. Parece lóxico que este “porto seco” actúe como espazo loxístico e acolla proxectos como o que a autoridade portuaria de Vigo pretende situar en Rande.

Por todo o exposto, os deputados e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para a súa resposta escrita:

Que valoración fai a Xunta de Galicia do proxecto presentado pola Autoridade Portuaria de Vigo para utilizar o espazo da empresa Duchess, e do vello cargadoiro de mineral da empresa Coto Wagner en Rande (Redondela) como almacén de contedores vinculados ao tráfico portuario?

Pazo do Parlamento, 8 de outubro de 2018

Asdo.: Abel Losada Álvarez

Patricia Vilán Lorenzo

José Manuel Pérez Seco

Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 08/10/2018 12:10:20**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 08/10/2018 12:10:26**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 08/10/2018 12:10:31**

## Á Mesa do Parlamento

**Abel Losada Álvarez e José Manuel Pérez Seco**, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa reposta **por escrito**.

Neste derradeiro mes viaxou a Venezuela unha delegación do Igape (Instituto Galego de Promoción Económica), co obxectivo anunciado de difundir as oportunidades de inversión que ofrece Galicia aos galegos e galegas que retornen á comunidade.

Todos coñecemos a situación económica e política de Venezuela, a escasísima acumulación de divisas fortes dentro do país, os depósitos en dólares de residentes venezolanos, atópanse fora do país; así como a práctica desaparición en termos de aforro da moeda nacional, o Bolívar.

Iso si, esta presunta viaxe económica do Igape, acompañouse do secretario xeral de Emigración, feito que estamos seguros que non ten nada que ver coa proximidade das eleccións municipais e europeas.

Por todo o exposto, os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para a súa resposta escrita:

Considera a Xunta de Galicia que a situación económica e política de Venezuela permite acadar os obxectivos económicos e empresariais manifestados pola administración en relación coa viaxe das persoas responsables do Igape a Venezuela?

Pazo do Parlamento, 8 de outubro de 2018

Asdo.: Abel Losada Álvarez  
José Manuel Pérez Seco  
Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 08/10/2018 12:11:22**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 08/10/2018 12:13**  
**Nº Rexistro: 38350**  
Data envío: 08/10/2018 12:13:19.249

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 08/10/2018 12:11:28**

## Á Mesa do Parlamento

José Manuel Pérez Seco e Abel Fermín Losada Álvarez, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

A Xunta de Galicia elaborou “O Plan director do Camiño de Santiago 2015-2021” que, segundo expón, suporá unha ferramenta de xestión para o Goberno galego e unha folla de ruta que marcará as directrices para favorecer a conservación e a protección do Camiño na nosa comunidade. O dito Plan director consta de 4 obxectivos, 5 retos e 4 eixes de desenvolvemento coas súas liñas estratéxicas.

No seu apartado 7. *Plans de actuación e accións prioritarias*. Contémplase a liña estratéxica 7 -especialización e calidade no servizo de atención ao peregrino- que recolle no punto 7.5 *garantía dun servizo continuado de seguridade e plans de asistencia sanitaria e de emerxencia no camiño* co obxectivo de *garantir a asistencia sanitaria ao peregrino e de seguridade tanto ao peregrino coma no Camiño con carácter permanente en todos os camiños*.

Ao igual que en todos os plans de actuación márcanse uns indicadores de execución, e neste punto 7.5 son os seguintes: *nº de incidencias sanitarias por camiño / nº de denuncias rexistradas no camiño*.

Con relación ao anteriormente exposto o Grupo Parlamentario Socialista rexistrou unha pregunta para a súa resposta por escrito co número de rexistro 36503 á que respondeu o Goberno galego co documento número 37926, co seguinte contido: *“Non é posible achegar dita información xa que os sistemas de información do Servizo Galego de Saúde non rexistran se a persoa atendida é peregrino. Ao non dispoñer deste código específico non é posible facilitar o número de atencións realizadas neses anos”*.



Por iso os deputados que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Cal é a función dos indicadores de execución no Plan director do Camiño de Santiago no punto 7.5?

2ª) Cal é o motivo de que o Goberno galego non teña información dos indicadores de execución no Plan director do Camiño de Santiago no punto 7.5?

3ª) Quen é responsable de non ter a información dos indicadores de execución no Plan director do Camiño de Santiago no punto 7.5?

4ª) Cal vai ser o prazo para coñecer a información dos indicadores de execución no Plan director do Camiño de Santiago no punto 7.5?

5ª) Existe algún tipo de indicador para poder medir o punto 7.5?, de ser así, cal?

6ª) Que resultados tivo o dito plan de actuación prioritario?

7ª) Cales foron as actuacións concretas levadas a cabo para cumprir e mellorar o descrito no punto 7.5?

Pazo do Parlamento, 8 de outubro de 2018

**Asinado dixitalmente por:**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 08/10/2018 12:24:38**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 08/10/2018 13:34**  
**Nº Rexistro: 38360**  
Data envío: 08/10/2018 13:34:24.301

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 08/10/2018 12:24:48**

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Paula Quinteiro Araújo, Paula Vázquez Verao, Ánxeles Cuña Bóveda e Davide Rodríguez Estévez**, deputadas e deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

Os Centros de Día son recursos fundamentais no noso país, xa que dan resposta aos coidados das persoas maiores dependentes, unha necesidade moi ampla en Galicia debido o envellecemento da nosa poboación.

Serven para descargar de tarefas as persoas coidadoras, para atrasar algunhas consecuencias físicas e psicolóxicas da idade, e axudan a socializar os coidados, pero sen desvincular as persoas do seu entorno, o que ten numerosos beneficios.

Sería moi positivo que Ribadavia contara cun servizo coma este nun tempo de prazo curto.

Existe un Centro Socio comunitario na Rúa Extramuros, de titularidade da Xunta de Galicia, que se atopa en bo estado. O edificio alberga actualmente diferentes actividades, e permitiría compaxinar o actual uso do Centro Socio Comunitario cun novo uso para Centro de Día. Trátase dun edificio con espazo suficiente para que nel se acolla este recurso.

Polo tanto, o nivel de investimento para a posta en marcha deste centro, sería moito menor respecto a outras obras, xa que non habería que construír un edificio novo senón simplemente facer traballos de adecuación das instalacións ao novo uso e ademais, podería cubrirose a necesidade no menor prazo posible, sen adiar indefinidamente esta demanda. Sería necesario inserir unha partida con este fin no proxecto de Orzamentos da Xunta de 2019, que se atopa en proceso de



elaboración. A veciñanza leva anos recibindo promesas tanto por parte do Concello como pola Xunta, sen que se atenda esta demanda, chegando a ter que desprazarse ata centros de concellos doutra bisbarra como A Cañiza, que se atopa a 21 km, e co que se asinou un convenio en 2015.

Noutros concellos da bisbarra do Ribeiro como Castrelo de Miño, Leiro ou Carballeda existen, en diversos formatos, Centros de Día, e trátase de Concellos de menor poboación que Ribadavia, que é cabeceira comarcal. A ausencia dun Centro público destas características en Ribadavia provoca que os veciños teñan que desprazarse a outros concellos, cos prexuízos que iso supón ou mesmo recorrer a residencias privadas coa fin de cubrir as necesidades de coidados.

Para levar a cabo esta proposta razoable sería necesaria a colaboración de Xunta e Concello de Ribadavia.

Por todos este motivos, presentamos as seguintes Preguntas para a súa resposta escrita:

1. Ten previsto a Xunta de Galicia a execución e posta en marcha dun Centro de Día en Ribadavia, coa colaboración e cooperación do Concello de Ribadavia, para dar resposta a unha demanda imprescindible?
2. Que recursos ten previsto investir de cara a garantir que esta obra se realice no menor prazo posible?
3. Estudou a opción de adaptar o Centro Socio Comunitario de Ribadavia a esta función mantendo a compatibilidade cos servizos que até de agora se levan prestando alí?

Santiago de Compostela, 8 de outubro de 2018.



**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Quinteiro Araújo na data 08/10/2018 17:07:52**

**Paula Vázquez Verao na data 08/10/2018 17:08:01**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 08/10/2018 17:08:06**

**David Rodríguez Estévez na data 08/10/2018 17:08:11**

## Á Mesa do Parlamento

**Noela Blanco Rodríguez, Abel Losada Álvarez e Julio Torrado Quintela**, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A radiotelevisión pública galega, vital para o mantemento do espazo público democrático, o reforzamento da identidade do pobo galego, e a promoción da nosa cultura e lingua, está a vivir un preocupante deterioro nos últimos anos, con graves consecuencias para o pluralismo ideolóxico e social. Acumula constantes queixas tanto do Comité Intercentros da CRTVG, como das forzas políticas da oposición, de manipulación informativa tanto na radio como na televisión de todos os galegos e galegas nos diferentes telexornais que se emiten ao longo do día. Esta situación mesmo levou aos dous presentadores do Telexornal Serán, Alfonso Hermida e Tati Moyano, a presentar a súa dimisión en xuño deste ano, ao que hai que engadir a mobilización dos venres negros (que xa vai pola súa 20 edición) polo cumprimento íntegro da Lei de medios públicos do 2011, así como a histórica manifestación que percorreu as rúas de Compostela o pasado 8 de setembro.

Manipulación que ante a proximidade das eleccións municipais se vén acrecentando nestes últimos meses coa supresión das desconexións locais da Radio Galega, unha medida estritamente política que obedece ao interese do PP de controlar a información local de cara a estes comicios.

O tratamento informativo do accidente do festival do Marisquiño acontecido este pasado mes de agosto en Vigo, volveu a poñer de manifesto por unha banda a que a CRTVG funciona como unha cadea de transmisión dos argumentarios do PP, e por outra a ausencia dun protocolo interno na CRTVG para que o equipo directivo e de traballadores e traballadoras actúen correctamente na cobertura dunha situación de crise. Si se realiza unha análise do tratamento informativo deste asunto, dende o accidente ata o comezo da comisión de investigación no Parlamento de Galicia, compróbase que hai unha clara intencionalidade política, a de facer dende os medios de comunicación públicos galegos, oposición á equipa de goberno do Concello de Vigo.

Por todo o exposto, a deputada e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Considera que a cobertura do accidente do Mariquiño estivo á altura dun medio público como a RTVG?
2. Consideran que na cobertura deste tema, o alcalde de Vigo tivo o mesmo tratamento que outras institucións?
3. Que valoración fai da cobertura sobre a comisión de investigación do Marisquiño creada recentemente no Parlamento de Galicia?
4. Considera a CRTVG que as novas que teñen relación co Concello de Vigo se cobren con obxectividade e mantendo o principio de pluralismo ideolóxico e social que deben rexer nun medio de comunicación público?
5. Ten previsto a CRTVG establecer un protocolo interno para que o equipo directivo e de traballadores e traballadoras actúen correctamente na cobertura dunha situación de crise?
6. En caso afirmativo, cando ten previsto poñerse en marcha?

Pazo do Parlamento, 8 de outubro de 2018

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez  
Abel Losada Álvarez  
Julio Torrado Quintela  
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 08/10/2018 18:10:12**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 08/10/2018 18:10:18**

**Julio Torrado Quintela na data 08/10/2018 18:10:23**

## Á Mesa do Parlamento

**Patricia Vilán Lorenzo, Abel Losada Álvarez, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López**, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A Autoridade Portuaria de Vigo é un ente público que depende de Portos do Estado, polo tanto, do Ministerio de Fomento, e con área de influencia nos concellos de Vigo, Cangas, Moaña, Vilaboa e Redondela. De feito, ocupa terreos de dominio público marítimo-terrestre e aterramentos que se levaron a cabo nas últimas décadas, mesmo en terreos que pertencen á Rede Natura 2000. Unha desas parcelas son os terreos da empresa “Duchess” ou “Cargadoiro de Mineral de Rande”.

Nestas últimas semanas, o presidente da Autoridade Portuaria, Enrique López Veiga, vén de presentar a proposta de adquirir os terreos pertencentes á empresa “Duchess” co fin de construír un novo vial de entrada e saída de camións para establecer no litoral de Rande unha base loxística e de reparación de contedores. Converteríase este ámbito, de algo máis de 40.000 metros cadrados, nun grande espazo de almacenamento de contedores, en pleno corazón da Rede Natura 2000 (Estreito de Rande, Enseada de San Simón, Lugar de Interese Comunitario -LIC). Nalgunha das declaracións de López Veiga ten recollido a necesidade de recuperar a actividade no “Cargadoiro de Pedra” de Rande, e mesmo chegar aínda máis a dentro, ata a Punta Soutela, ámbito competencial ao que chega a Autoridade Portuaria.

A ninguén se lle escapa que un proxecto destas características terá un impacto negativo neste espazo protexido medioambientalmente, ademais de na calidade de vida da veciñanza de Rande e Cabana. Os impactos van ser variados:

- Elevado nivel de ruído diurno e nocturno.
- Vibracións permanentes.
- Fortes cheiros.
- Elevada contaminación do aire por emisión de CO2 e partículas debido o tránsito de camións.
- Concentración de residuos.
- Deterioro da paisaxe.
- Emisión de volátiles procedentes de colectores rotos ou mal pechados.
- Incendios por manipulación de colectores de produtos químicos.



- Foco de acumulación de parásitos e propagación de especies invasoras.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que ten que dicir o Goberno galego sobre o proxecto da Autoridade Portuaria de Vigo de adquisición dos terreos pertencentes á empresa “Duchess” e co fin de construír un novo vial de entrada e saída de camións para establecer no litoral de Rande (Redondela) unha base loxística e de reparación de contedores?
2. Sabe o Goberno que ese espazo está en terreos de Rede Natura 2000?
3. Ten coñecemento o Goberno dos impactos que se van producir neste espazo protexido medioambientalmente, ademais de na calidade de vida da veciñanza de Rande?

Pazo do Parlamento, 8 de outubro de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo  
Abel Losada Álvarez  
Luís Manuel Álvarez Martínez  
María Luisa Pierres López  
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 08/10/2018 18:14:46**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 08/10/2018 18:14:51**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 08/10/2018 18:14:57**

**María Luisa Pierres López na data 08/10/2018 18:15:01**

## Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Abel Fermín Losada Álvarez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O presidente da Xunta de Galicia acaba de anunciar nos medios de comunicación que as vantaxes fiscais aplicadas en Galicia “ata o momento” se teñen traducido nun impacto de 1.100 millóns de euros, sendo as medidas aplicadas a redución do IRPF, a supresión do tributo de sucesións e doazóns para o 99 % da cidadanía, o plan de impostos cero no rural e as deducións para investimentos en rehabilitación dos cascos históricos e do chan industrial.

Á vista deste anuncio, a deputada e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Cal é o período de tempo estudado para acadar ese impacto de 1.100 millóns de euros?

2ª) Cal é a contía acadada por cada unha das medidas adoptadas que no seu conxunto supoñen un impacto de 1.100 millóns de euros?

3ª) Cal é a valoración do Goberno galego sobre eses 1.100 millóns de euros que se teñen deixado de percibir nos orzamentos da Comunidade Autónoma galega?

Pazo do Parlamento, 8 de outubro de 2018

**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 08/10/2018 18:46:25**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 08/10/2018 18:46:33**

## Á Mesa do Parlamento

**María Luisa Pierres López, María Dolores Toja Suárez, Luís Manuel Álvarez Martínez, Concepción Burgo López e Patricia Vilán Lorenzo**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa reposta **por escrito**.

O concello de Corcubión foi un dos concellos que se viron na obriga de adaptar e revisar o Plan especial de protección do conxunto histórico, e obrigado pola Lei 5/2016 do 4 de maio do patrimonio cultural de Galicia. Esta obriga, para aqueles concellos con Plan especiais de protección anteriores á Lei 8/1995, supón un serio problema para un concello pequeno e que manexa un orzamento anual de 1,3 millóns, dos que 770.000 € son somentes para pagos de persoal.

A pouca marxe económica e a urxencia da adaptación á lei actual do Plan especial de protección do conxunto histórico levou a manter dúas reunións coa secretaria xeral de Urbanismo, en xaneiro e outubro do ano 2017, co fin de pedir o apoio económico da consellería para poder desenvolver o plan.

Ante a falla de apoio explícito, en data do 1 de febreiro de 2018 o Partido Socialista solicita na Comisión 2.<sup>a</sup> do Parlamento a colaboración económica da Xunta de Galicia con este concello, resultando aprobada, por unanimidade de todos os grupos e sen modificacións a seguinte proposición non de lei:

"O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a colaborar economicamente co concello de Corcubión asumindo na súa totalidade a cantidade precisa para a revisión e actualización do Plan especial de protección do casco histórico e materializar esta colaboración no menor tempo posible."

Transcorridos máis de 9 meses deste acordo parlamentario, e finalizada xa a data (16 agosto de 2018) para a actualización necesaria do Plan especial de protección, segue sen ser efectiva por parte da Xunta de Galicia a materialización efectiva do compromiso adquirido.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Ten pensado o Goberno galego cumprir o mandato parlamentario de apoiar economicamente ó concello de Corcubión asumindo na súa totalidade a cantidade precisa para a revisión e actualización do seu Plan especial de protección do casco histórico? En que prazo?
2. Que ten motivado que non se producise contacto nin comunicación algunha por parte da consellería e logo de nove meses da súa aprobación por unanimidade e sen modificacións na Comisión 2.<sup>a</sup> do Parlamento galego o pasado 1 de febreiro do 2018?
3. É consciente de que a data do 16 de agosto de 2018 o Plan especial de protección do casco histórico deixou de estar vixente?
4. Como valora as posibles consecuencias que esta falta de vixencia do Plan poida carrexar de cara á rehabilitación e recuperación do casco histórico desta vila?

Pazo do Parlamento, 8 de outubro de 2018

Asdo.: María Luisa Pierres López  
María Dolores Toja Suárez  
Luís Manuel Álvarez Martínez  
Concepción Burgo López  
Patricia Vilán Lorenzo  
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María Luisa Pierres López na data 09/10/2018 10:29:30**

**María Dolores Toja Suárez na data 09/10/2018 10:29:36**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 09/10/2018 10:29:44**

**Maria de la Concepción Burgo López na data 09/10/2018 10:29:51**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 09/10/2018 10:34**  
**Nº Rexistro: 38411**  
Data envío: 09/10/2018 10:34:41.936

**Patricia Vilán Lorenzo na data 09/10/2018 10:29:59**



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Luis Bará Torres, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre as obras na ponte de Sigüeiro.

Durante o mes de setembro de 2018 estiveronse executando por parte do Ministerio de Fomento, a petición do Concello de Oroso, obras de reforzo da ponte medieval de Sigüeiro, situada na estrada N-550. Dita ponte medieval de Sigüeiro, datada nos séculos XIII-XIV e mandada levantar por Fernán Pérez de Andrade, forma parte da ruta inglesa do Camiño de Santiago, sendo un dos referentes patrimoniais de dito Camiño Inglés.

Foi o seu suposto estado de deterioro, derivado do intenso tráfico que soporta, o que levou ao Concello de Oroso a instar ao Ministerio de Fomento a realizar de maneira urxente obras para o seu reforzo. Dita intervención supuxo cementar a base dunha estrutura románico-gótica da ponte, así como o emprego de trades mecánicos para picar parte dos seus piares, segundo así constatan diferentes imaxes publicadas na prensa galega. Neste senso, consideramos que dita actuación é un novo ataque contra o patrimonio artístico galego, e unha desleixo na súa correcta conservación.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 09/10/2018 13:30**  
**Nº Rexistro: 38434**  
Data envío: 09/10/2018 13:30:21.806

- Houbo algunha comunicación por parte do Concello de Oroso a algún departamento da Xunta de Galiza onde se puxera en coñecemento o estado de deterioro da ponte de Sigüeiro?
- Segundo o estado da ponte medieval, en que medida era urxente a realización destas obras e que estudos se teñen realizado por parte da Xunta de Galiza para avaliar o estado de conservación e posible deterioro de dita ponte?
- Houbo algunha comunicación por parte do Ministerio de Fomento de comezo de realización de ditas obras de reforzo, así como solicitude de autorización para a realización das mesmas, tendo en conta que están no ámbito de influencia do Camiño de Santiago?
- Tendo en conta o suposto carácter urxente para a execución de esta obra, porque non se puxo en coñecemento de dito risco aos usuarios desta estrada, e non se habilitaron vías alternativas que limitaran o uso da ponte?
- Que medidas adoptou a Dirección Xeral de Patrimonio no referente ao seguimento destas obras na ponte medieval de Sigüeiro, así como do impacto de ditas obras no Camiño Inglés?
- Realizouse algún estudo de avaliación sobre o impacto medioambiental que estas obras supuxeron para a fauna e flora da bacía do río Tambre?

Santiago de Compostela, 9 de outubro de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 09/10/2018 13:30**  
**Nº Rexistro: 38434**  
Data envío: 09/10/2018 13:30:21.806

**Olalla Rodil Fernández**

**Noa Presas Bergantiños**

**Montserrat Prado Cores**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 09/10/2018 13:29:14**

**María Montserrat Prado Cores na data 09/10/2018 13:29:18**

**Ana Pontón Mondelo na data 09/10/2018 13:29:20**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 09/10/2018 13:29:21**

**Olalla Rodil Fernández na data 09/10/2018 13:29:22**

**Noa Presas Bergantiños na data 09/10/2018 13:29:24**





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

No Diario Oficial de Galiza do luns 19 de marzo de 2018 recollíase a publicación da Resolución do 26 de febreiro de 2018, da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, pola que se incoa o expediente para declarar Ben de Interese Cultural (BIC), coa categoría de xardín histórico, o Parque do Pasatempo de Betanzos, que iniciaba o procedemento para declarar coma Ben de Interese Cultural o parque betanceiro do Pasatempo.

Segundo o procedemento previsto, o prazo máximo para a declaración coma BIC será de 24 meses, a contar desde a publicación desta Resolución que incoa o procedemento. Isto é, alongarase, previsiblemente, ata o 26 de febreiro de 2020. En todo este tempo, o Concello de Betanzos vense negando a realizar as máis elementais tarefas de conservación- e aínda de reposición do mural do Estanque da Gruta que se desprende a principios de febreiro do pasado 2017- argumentando que todas as actuacións se farán da man dos técnicos da Dirección Xeral de Patrimonio en canto se declare, de chegar o caso, BIC o conxunto do xardín histórico. Quere dicir isto que tais actuacións elementais de conservación e profilaxe adiaranse, segundo parecer do Concello, até marzo de 2020 cando menos.



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 09/10/2018 17:53**  
**Nº Rexistro: 38444**  
Data envío: 09/10/2018 17:53:48.799

Contrasta esta negativa a actuar coa diagnose existente no propio Concello co estado de conservación do parque, pormenorizada nun anteproxecto de actuacións asinado por varios arquitectos e expertos en patrimonio xa no ano 2016, que urxía a actuar sobre problemas de filtracións, humidades, fendas e outras ameazas directas para a conservación do parque, como a estrada de circunvalación que discorre pegada a el ou a pasarela de ferro que descansa sobre o muro que parcialmente se veu abaixo.

Dito proxecto taxaba en torno a 1,3 millóns de euros a rehabilitación do Pasatempo. Desa contía, a Deputación da Coruña comprometeu o pasado 23 de marzo, 598.998,40 euros que se destinarán ás obras de rehabilitación do que Luís Seoane cualificara de "parque enciclopédico". O pasado 25 de setembro o Concello de Betanzos aprobou destinar 200 000 euros do remanente do anterior exercicio a estes mesmos traballos. Os orzamentos municipais prevían 160 000 euros para a redacción do proxecto de rehabilitación, se ben, segundo a Alcaldía, tal gasto non será preciso posto que a Dirección Xeral de Patrimonio tería realizado o compromiso de correr con dita redacción pola súa conta en paralelo á tramitación do expediente incoado de cara á declaración como BIC do Pasatempo.

Así as cousas, de ser certas todas estas cuestións que neste grupo coñecemos por referencias e comunicados de prensa dos gobernos galego e betanceiro, estaríamos en que non habería proxecto para rehabilitar, cando menos, ate o segundo semestre do 2020 e aínda habería que licitar a obra e executar os traballos. Un tempo moi excesivo, ao noso entender, para garantir a conservación axeitada do centenario parque que complica a súa conservación e, desde logo e á vista do acontecido nos últimos anos, complicará a súa rehabilitación.



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Por canto antecede formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

1- Ten pensado o Goberno galego tramitar por trámite de urxencia a declaración de ben de interese cultural do Pasatempo e reducir os prazos á metade para garantir unha pronta protección? En caso contrario, por que motivo adía 2 anos unha decisión sobre isto?

2- É certo que o Goberno galego se comprometeu co Concello de Betanzos á redacción do proxecto de rehabilitación do Pasatempo? De ser o caso, en que termos? Supón isto adiar calquera actuación de conservación até a declaración coma BIC? De non ser o caso, exactamente en que se concreta entón a colaboración técnica e económica anunciada polo Conselleiro de Cultura?

3- Teñen pensado incluír fondos para esta rehabilitación do Pasatempo a tres bandas, xunto co Concello e a Deputación, no vindeiro orzamento? De ser o caso, en que termos e contías? En caso negativo, por que se exclúe un elemento singular e único do patrimonio galego do esforzo inversor da Xunta?

Santiago de Compostela, 9 de outubro de 2018

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

**Luis Bará Torres**

**Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Ana Pontón Mondelo**



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

PARLAMENTO  
DE GALICIA



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 09/10/2018 17:53**  
**Nº Rexistro: 38444**

Data envío: 09/10/2018 17:53:48.799

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 09/10/2018 17:51:29**

**María Montserrat Prado Cores na data 09/10/2018 17:51:34**

**Ana Pontón Mondelo na data 09/10/2018 17:51:36**

**Olalla Rodil Fernández na data 09/10/2018 17:51:37**

**Noa Presas Bergantiños na data 09/10/2018 17:51:39**

**Xosé Luis Bará Torres na data 09/10/2018 17:51:41**

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda**, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do recollido no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **PREGUNTA para a súa resposta escrita**, sobre a oferta de formación profesional no Concello de Vilalba.

Falar de formación profesional supón falar de calidade do sistema educativo galego e de igualdade de oportunidades. Unha cuestión que afecta tamén ás posibilidades laborais e finalmente, á emigración ou estabilización da mocidade nos lugares nos que viven.

Nese senso cabe entender a demanda feita por Vilalba Aberta cando reclama coma urxente unha ampliación da formación profesional que axude a facer competitiva a estrutura produtiva do Concello, co fin de mellorar as condicións de empregabilidade dun segmento de poboación, a mocidade, líder involuntario de todas as clasificacións de datos de paro.

Neste senso, resulta imprescindible a adaptación da oferta da formación profesional a unha contorna laboral que mudou definitivamente nos últimos anos, máxime se temos presente estudos recentes como o realizado pola OCDE “As competencias máis aló da escola”, que estiman xa que ata 2020 preto de dous terzos do crecemento no emprego terá lugar na categoría de técnicos titulados de Formación Profesional en Grao Medio e Superior.

Con todo, parece inevitable facer referencia ás posibilidades que, en termos de formación e de inserción de emprego, suporía para a mocidade vilalbesa a posta en marcha no Concello de dous dos ciclos que mellor atenden á realidade dun



municipio eminentemente agrario e que se caracteriza, ao tempo, por contar con dúas das mais importantes empresas de transformación de leite, isto é: o curso FP de Explotacións Agrarias Extensivas e o de Procesos e calidade na industria alimentaria.

Porque o futuro das nosas explotacións está en risco, en tanto que non resulta fácil a substitución xeracional sen a necesaria e oportuna formación. Unha formación, paralelamente, sen a cal o traballo agrario está inxustamente infravalorado. Neste senso, é hoxe máis necesario ca nunca poñer en valor o traballo agrario para que as mozas e os mozos o vexan como unha oportunidade de futuro e se recupere o interese por continuar coas actividades iniciadas polas súas familias, modernizándoas e adaptándoas a unha novas tecnoloxías que as fagan competitivas no contexto actual. Ao tempo, o anteriormente citado ciclo de Procesos e calidade na industria alimentaria, e que pola vía da específica formación en tarefas de xestión da produción, organización, control, investigación, así coma no que ten que ver co desenvolvemento, calidade e seguridade alimentaria; suporía, do mesmo xeito, a tan necesaria adaptación da oferta formativa ás verdadeiras necesidades produtivas, neste caso, do - non precisamente amplo - tecido empresarial de Vilalba.

Neste senso cabe entender a nosa proposta, a fin de converter - a medio/longo prazo - ao Concello de Vilalba nun referente do sector agroalimentario, en base a unha crecente densidade gandeira, ao repunte e consolidación da produción ecolóxica e de proximidade e á calidade innovadora dunhas explotacións, que se conciban competitivas ao tempo que respectuosas co medio ambiente.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte pregunta:



- Ten previsto o Goberno galego ampliar as opcións de formación profesional en Vilalba?

Santiago de Compostela, 9 de outubro de 2018.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Luca Chao Pérez na data 09/10/2018 18:40:55**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 09/10/2018 18:41:02**

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda**, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do recollido no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **PREGUNTA, para a súa resposta escrita**, relativa á modificación do Camiño Primitivo entre os lugares de Vilardongo e Pedrafitelas, na Fonsagrada.

Unha vez máis comprobamos como as intervencións da Axencia de Turismo de Galicia deixan unha terrible pegada sobre os diferentes camiños de Santiago.

Neste caso falamos do Camiño Primitivo e de como sobre el actuou maquinaria pesada, nivelaron o terreo, cimentaron con sumidoiros, rechearon con cascallo e xabre. Son parte das desfeitas que fixo a **Axencia de Turismo de Galicia** nun tramo do **Camiño Primitivo** entre os lugares de Vilardongo e Pedrafitelas, na Fonsagrada denunciadas polo Foro do Camiño á organización de vixilancia do patrimonio ICOMOS, vencellada a Nacións Unidas.

O Foro, que integra a trinta colectivos a prol dos itinerarios xacobeos, censura “a construción dun novo Camiño de Santiago no século XXI” a cargo da Axencia Galega de Turismo da Xunta. Estas actuacións son habituais dende hai dous anos, chegando a alterar ata tres veces o mesmo treito.

Tal e como denuncia o Foro “Esta nova e gravísima modificación da arquitectura e paisaxe do Camiño Primitivo conleva a perda irremisible da súa memoria inmaterial asociada á vía milenaria tradicional, así como do **seu valor histórico e cultural**”,

Así, denuncian que o proceso de pavimentación implica a “**uniformización e desnaturalización**” da **ruta de peregrinación** a Compostela, “perdéndose definitivamente o fío condutor co pasado, a súa diversidade, integridade e autenticidade”. A construción deste novo camiño de cemento por riba da traza medieval traspasa os límites de reforma, polo que se solicita a ICOMOS





promover a aplicación dos criterios de protección.

Hai que destacar, que alén dun recurso turístico moi valioso, os Camiños de Santiago teñen un valor patrimonial fundamental como *camiños históricos* que debe ser preservado. Ademais dunha enorme riqueza paisaxística e cultural que temos que protexer.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Pregunta:

- Considera o Goberno galego que a intervención citada foi realizada do mellor xeito posible?

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Luca Chao Pérez na data 09/10/2018 19:15:25**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 09/10/2018 19:15:34**

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Davide Rodríguez Estévez, Antón Sanchez García e Luís Villares Naveira**, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **escrita**, sobre a necesidade de aprobación dun plan estratéxico para o sector ovino e caprino de Galicia.

A asociación OVICA (Asociación de criadores de ovino e caprino de Galicia) constituída no ano 1994 denuncia a falta dun plan estratéxico por parte da Xunta de Galicia. A profesionalización deste sector farase coa comercialización e valoración do produto final: a excelente carne tanto de cordeiro como de cabrito que se produce en Galicia, que se ve reforzado polo asociacionismo. Existen en Galicia mais de 20.000 explotación de ovino e cabrún complemento doutras actividades ou como principal.

Entre as principais reivindicacións do sector atopamos as seguintes:

1.- Necesidade de protección e defensa dos aproveitamentos silvopastorais a través do coeficiente de admisibilidade aos que a Xunta de Galicia aplicou unha redución sobre a xustificación da admisibilidade dos pastos arbustivos e pastos sobre arborado que afectou ao 85% do territorio galego. O coeficiente de admisibilidade reduciuse a 0.

2.- Necesidade e coñecemento das consecuencias desta redución para as axudas provenientes da PAC para os aproveitamentos silvopastorais.

3.- Necesidade de coñecer como afectan estes cálculos para a solicitude e concesións das axudas agroambientais e axudas para zonas con limitacións naturais.

4.- Necesidade dunha liña específica de axudas que teña en conta que as especies leñosas e arbustivas constitúen a alimentación de ovellas e cabras que si reconece a comisión europea a través da Lei Ómnibus, co establecemento da singularidade do aproveitamento con pastoreo e coa supresión da obriga da consolidación herbácea.

5.- Descoñecemento da nova normativa e da súa aplicación, así como do seu traslado ao persoal técnico para a tramitación das solicitudes unificadas da Política Agraria Común.

6.- Necesidade de recuperar o programa de implantación e mellora de pastos en Montes Veciñais en Man Común (en vigor desde o ano 1984 ata 2015) que contribuíu ao desenvolvemento rural.

En relación tamén coas axudas da PAC, os/as gandeiros/as de ovino e de cabrún somos os únicos perceptores de axudas acopladas que NON se nos comunicou o motivo das axudas acopladas (nin por correo postal, nin vía correo electrónico ou SMS, nin por publicación no D.O.G.)

É necesario pois contar coas asociacións de ovino e caprino, para o desenvolvemento socioeconómico deste sector coas axudas pertinentes das administracións. Estas asociacións de produtores constitúen unha ferramenta que fixa poboación no rural, así como o desenvolvemento de tecido económico das zonas rurais, e outros tipos de iniciativas ligadas a elas.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte pregunta para a súa resposta escrita:

1. Que accións leva feito a Xunta de Galicia nos últimos dous anos en favor do sector ovino e cabrún?
2. Por que non se comunicaron nin publicaron as denegacións das axudas acoplada por produción de ovino das campañas 2015, 2016, e 2017 e a axuda acoplada por produción de caprino das campañas 2015, 2016 e 2017?
3. Por que A Xunta só leva ofertando na convocatoria 2017 e 2018 dende o Servizo de Explotacions Gandeiras (Consellería de Medio Rural) 5 dos 8 módulos obrigatorios no formato de teleformación, esixidos na Orde de axudas?
4. Por que en Galicia non podemos dispoñer dunha Escola de Pastores de ovino e cabrún que regule a formación e capacite as aptitudes para o futuro desenvolvemento das actividades dos nosos gandeiros/as de ovino e cabrún como poden dispoñer en outras comunidades autónomas como Extremadura, Aragón ou recentemente na Comunidade Valenciana?

Santiago de Compostela, 10 de outubro de 2018.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Antón Sánchez García

Luís Villares Naveira

Deputados do G.P. de En Marea.



**Asinado dixitalmente por:**

**David Rodríguez Estévez na data 10/10/2018 10:18:30**

**Antón Sánchez García na data 10/10/2018 10:18:39**

**Luis Villares Naveira na data 10/10/2018 10:18:46**

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Davide Rodríguez Estévez e Antón Sanchez García**, deputados do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do artigo 157 do Regulamento do Parlamento, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**, sobre as obras que a Consellería executou no monte de titularidade pública do Concello de Manzaneda e que acabou afectando á rede de abastecemento das parroquias de San Martiño.

O Concello de Manzaneda posúe montes de titularidade pública dentro do seu termo municipal, montes que están conveniados ca Consellería de Medio Rural que é a que xestiona o seu uso.

En datas recentes, a Consellería de Medio Rural, realizou labores de restauración dos cortalumes, non facendo ao remate labores de contención para que non sucederan os arrastres que provocaron que 7 tanques de abastecemento e km de rede quedaran atuídos de terra, afectando a 8 vilas, entre elas a cabeceira do concello.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta escrita:

- Ten pensado a Xunta de Galicia facer un plan de recuperación dos tanques de abastecemento das parroquias afectadas, así como labores de contención nos cortalumes para que non se repita este desastre?

Santiago de Compostela, 10 de outubro de 2018.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez



Antón Sánchez García

Deputados do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**David Rodríguez Estévez na data 10/10/2018 12:18:37**

**Antón Sánchez García na data 10/10/2018 12:18:46**

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Luca Chao Pérez, Ánxeles Cuña Bóveda e Flora María Miranda Pena**, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do recollido no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **PREGUNTA, para a súa resposta escrita**, sobre a cobertura do posto de especialista en audición e linguaxe no CEIP de Cariño.

O novo inicio de curso veu acompañado de recortes en numerosos centros do país. Como no CEIP Manuel Fraga Iribarne de Cariño, un centro do rural que conta cun total de 10 aulas. Nestes últimos anos o alumnado con necesidades educativas especiais aumentou significativamente, das 10 aulas, 5 contan con alumnado con necesidades severas, así diagnosticadas polo correspondente equipo específico. De feito, este novo curso comeza cun neno máis con necesidades severas. Ademais 12 nenas e nenos deben traballar co profesorado de Audición e linguaxe debido a outras dificultades detectadas polo equipo de orientación.

Porén, malia que as necesidades, como dicíamos, aumentaron, os recursos decrecen ao verse reducida á metade a ocupación da especialista en Audición e Linguaxe, que neste curso comparten con outro centro, cando o curso pasado non era así:

	Alumnos necesidades severas	Alumnos aue precisan do reforzo de Audición e Linguaxe	Nº de días de Audición e Linguaxe no centro
<b>Curso 2017/1018</b>	4	12	5
<b>Curso 2018/2019</b>	5	12+2 pendentas	3

Ante esta situación a ANPA A Basteira púxose en contacto con inspección territorial, e outros membros da Consellería que non fan máis que ignorar as súas





demandas, mantendo unha situación dificilmente sostible para toda a comunidade educativa que se ve incapaz de atender correctamente as necesidades detectadas.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte pregunta:

-Como pode explicar o Goberno galego que aumenten as necesidades e reduzan os recursos para atendelas?

Santiago de Compostela, 10 de outubro de 2018.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Flora María Miranda Pena

Deputadas do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Luca Chao Pérez na data 10/10/2018 13:16:05**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 10/10/2018 13:16:15**

**Flora María Miranda Pena na data 10/10/2018 13:16:24**



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 10/10/2018 16:30  
Nº Rexistro: 38531  
Data envío: 10/10/2018 14:03:47.734

## Á Mesa do Parlamento

**Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

Galiza conta con 21.709 granxas de ovino-cabrún cunha media de 10 animais por granxa. Delas 76 teñen máis de 250 cabezas.

Estamos a falar pois dun gran número de explotacións de autoconsumo, de entretemento e de gando substitutivo de pasadas granxas de vacún que non tiveron continuidade e que os propietarios son xente de idade avanzada. Estas conviven cun sector profesionalizado, puxante e en pleno desenvolvemento que augura un futuro sostible e de aceptable rendemento económico se as circunstancias non llo impiden.

Gran parte deste gando miúdo aliméntase en extensivo cumprindo unha función de alto valor na actualidade por controlar en amplas zonas a maleza e matogueira do monte sendo un cortalumes de primeira calidade.

A regulamentación en canto ó sacrificio é un dos atrancos que o sector profesional ten hoxendía. O prezo por sacrificio é prohibitivo (entre 10 e 30 euros por animal) ó que hai que engadir o transporte ata o matadoiro, e o despece, envasado ó baleiro e transporte en frío a destino (de ser o caso, en venda directa).



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 10/10/2018 16:30**  
**Nº Rexistro: 38531**  
Data envío: 10/10/2018 14:03:47.734

Se o gandeiro non é capaz de repercutir os custes no prezo de venta final, opta pola vía máis rápida (non crotalizar ó non existir obriga antes dos 6 meses e matar na casa e vender ó veciño/a sen garantías sanitarias).

Velaí unha mostra de como unha lexislación que persegue garantías sanitarias para o consumidor se volve en contra de si mesma e produce o efecto contrario, por non se adaptar á realidade.

Existe tamén a posibilidade de vender ó tratante de turno, case sempre a prezos excesivamente baixos pois se non se venden, pásanse de quilos e teñen que quedaren na corte como reprodutores. Os tratantes, que son coñecedores desta realidade presionan conseguindo prezos de gandeiros non profesionais, xubilados ou xente con outra actividade, arredor de 35/40 euros por animal. Carto fácil.

As consecuencias son: competencia desleal cos gandeiros máis profesionais que cumpren a normativa sanitaria, menor volume de canais sacrificados por cauces legais (2/3 partes da produción de ovino e cabrún galegas non pasa por matadoiro ) e polo tanto aínda máis encarecemento do prezo. Os matadoiros prefiren centrarse nas liñas de sacrificio de vacún e porcino.

A medio e longo prazo estas condicións afogan as perspectivas de crecemento do sector e poden apareceren posibles alertas sanitarias se non hai control axeitado da trazabilidade dos animais vendidos sen pasar polo matadoiro.

A produción galega de gando miúdo (ovino e cabrún) rolda os 428.800 kg (kg sacrificados en matadoiros), pero se temos en conta o censo, e sabendo que non existen grandes fluxos de importación nin de exportación de cordeiro e cabrito vivo, a estimación de produción eleva esta cifra ata máis de 1.400.000 kg. Isto implica que dous terzos da produción non pasan polas canles de sacrificio autorizadas.



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

É unha realidade a situación de indefensión en que se encontra o sector á hora de sacrificio e despece das súas reses cunha normativa legal que incide de xeito moi negativo sobre o prezo final do produto e sobre a marxe de ganancia que deixa ó produtor.

Por todo isto formúlense as seguintes preguntas para resposta escrita:

-Ten a Consellería feito algún estudo sobre a viabilidade de matadoiros móbiles e salas de despece e envasado que dea pe a modificar a situación crítica do sector ovino-cabrún a este respecto?

-En caso de non ser así, ten pensado facelo?

-Que medidas pensa adoptar para aliviar-la presión que a normativa actual exerce sobre o sector á hora do sacrificio e despece?

Santiago de Compostela, 10 de outubro de 2018

**Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz**

**Luis Bará Torres**

**Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

PARLAMENTO  
DE GALICIA



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 10/10/2018 16:30**  
**Nº Rexistro: 38531**

Data envío: 10/10/2018 14:03:47.734

**Asinado dixitalmente por:**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 10/10/2018 14:02:52**

**María Montserrat Prado Cores na data 10/10/2018 14:02:57**

**Ana Pontón Mondelo na data 10/10/2018 14:02:59**

**Olalla Rodil Fernández na data 10/10/2018 14:03:00**

**Noa Presas Bergantiños na data 10/10/2018 14:03:02**

**Xosé Luis Bará Torres na data 10/10/2018 14:03:03**

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Paula Quinteiro Araújo, Manuel Lago Peñas e Julia Torregrosa Sañudo**, deputadas e deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

A situación das traballadoras e traballadores do sector dos produtos do mar con procesos de conxelación e refrixeración está marcada pola precariedade e polos baixos salarios. A pesar de que a industria de transformación de produtos derivados do mar é unha das máis importantes do noso país, que ten o peso maioritario do sector a nivel estatal. Hai que ter presente que o 75% do sector se atopa en Galiza e que a súa patronal maioritaria ten sede en Vigo.

O convenio estatal de produtos elaborados do mar con procesos de conxelación e refrixeración, que expirou en 2015, marca unhas condicións que deben mellorarse de inmediato, xa que se trata dun dos máis precarios de todo o ámbito da alimentación, con xornadas laborais superiores ás 40 horas semanais, salarios que superan escasamente os 800 euros mensuais de media e cuns ritmos de produción moi altos.

A precariedade incide especialmente coa extensión de formas de subcontratación que implican recorte de dereitos. Así, o traballo temporal está cada vez máis presente no sector, coa implantación de novas fórmulas abusivas como as empresas multiservizos ou as falsas cooperativas. Nalgúns centros de traballo é moito maior a porcentaxe de traballadores de ETT que os contratados pola empresa principal.



A negociación do convenio leva anos paralizada, xa que a patronal négase a atender as reivindicacións dos traballadores e traballadoras. Unhas reivindicacións tan básicas coma que se contabilice o tempo de descanso para a comida como tempo de traballo, uns 20 minutos que si se contabilizan noutros convenios colectivo. Resulta inadmisíbel tamén que se continúe sen pagar o plus de nocturnidade ás traballadoras que realizan este traballo en horario nocturno.

Polo tipo de actividade, este sector presenta grandes riscos para a saúde e a seguridade das traballadoras, que se ven cada día expostas a unha longa lista de ameazas asociadas a diferentes procesos: uso de ferramentas afiadas, frecuente contacto coa auga na propia actividade do manipulado, traballo en pavimentos e superficies esvaradizas, continua exposición ao frío, ambientes moi húmidos. Agravado todo elo por uns ritmos de traballo a velocidades de vertixe.

É por iso que se reivindica un plus de refrixeración.

Ademais, as actuais táboas salariais están por debaixo dos 14.000 euros anuais que fixa o Acordo Estatal de Negociación Colectiva asinado este ano. As traballadoras levan vendo desde o 2010 como vai diminuindo o seu poder adquisitivo, ao non acadar sequer o incremento do IPC . Perante esta situación, nas negociacións do novo convenio a patronal do sector non ofertaba ningunha cláusula de revisión salarial, senón subidas por debaixo do IPC.

Por todo o anterior, preséntanse as seguintes Preguntas:

1. Vai actuar decididamente a Xunta de Galicia para favorecer un acordo, entre sindicatos e patronal no sector de produtos elaborados do mar con procesos de conxelación e refrixeración, que mellore os salarios, a calidade do emprego, as condicións de traballo e limite o abuso da subcontratación a través dun convenio colectivo que actualice o contido do vixente na actualidade?



2. Como valora a Xunta de Galicia as condicións salariais e laborais das traballadoras deste sector?

3. Ten previsto impulsar actuacións da inspección de Traballo para investigar negligencias nas condicións de traballo que supoñan riscos para a saúde das traballadoras?

4. Vai avaliar a posibilidade de realizar estudos sobre as condicións laborais neste sector, atendendo á existencia de riscos laborais con consecuencias na saúde das traballadoras?

5. Están previstas intervencións da inspección de traballo para analizar os niveis excesivos de subcontratación?

6. Que medidas vai tomar para evitar a extensión da precarización e o deterioro nas condicións laborais das traballadoras e traballadores deste sector?

Santiago de Compostela, 11 de outubro de 2018.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo

Julia Torregrosa Sañudo

Manuel Lago Peñas

Deputadas e deputado do G.P. de En Marea-

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Quinteiro Araújo na data 11/10/2018 12:29:54**





**Julia Torregrosa Sañudo na data 11/10/2018 12:30:02**

**José Manuel Lago Peñas na data 11/10/2018 12:30:11**

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Davide Rodríguez Estévez, Antón Sanchez García e Luís Villares Naveira**, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **escrita**, sobre a necesidade de aprobación dun plan estratéxico para as principais producións agrícolas.

Galicia sofre unha perda de poboación no rural desde hai varias décadas. A poboación arrímase á costa nun éxodo sen precedentes do rural, en busca do maná prometido como son as oportunidades de traballo e a consecución dunhas mellora na calidade de vida. Isto dáse nas provincias do interior Lugo e Ourense cara as zonas costeiras de Pontevedra e da Coruña, onde tamén se produce esta marcha desde o interior cara as cidades.

Porén o maná está no rural e sempre estivo alí. As condicións de vida son inmellorables e incomparables sempre que as administracións se impliquen e axuden á poboación coa garantía de servizos ao igual que ocorre nas grandes urbes. É necesario ver e potenciar a necesidade de habitabilidade do rural: a cidade non come se o campo non traballa.

A perda de cultivos en Galicia amosa esta realidade do éxodo en busca do maná. Así desde o inicio da crise, segundo un artigo publicado na Opinión da Coruña, máis de 33.364 hectáreas de terras de labor abandonáronse. É a superficie dedicada a cultivar cereais, forraxes, hortalizas e legumes.

A organización FADEMUR solicitou unha Política Agraria Común na que non se teñan só en conta as cifras do sector agroalimentario e si a poboación dos pobos e para as mulleres rurais. Así, a Política Agraria Común pode axudar ao mundo rural a afrontar o éxodo e revertelo consolidando os novos cultivos.



Nunha táboa publicada polo Instituto Galego de Estatística o 11 de setembro de 2018 vese o avance inexorable do éxodo e da perda de cultivos. Así, no ano 2006 producíanse 1.985.590 toneladas de millo forraxeiro que pasaron no ano 2017 a 1.936.384. no ano 2006 había 5.983.521 toneladas de pradería polifita que pasaron no ano 2017 a 3.218.426.

Tamén se reduciu o cultivo de pataca, afectado nos últimos anos pola couza guatemalteca.

Esta perda tamén é visible no sector vitivinícola. É posible revertir esta situación creando novas oportunidades de traballo e de negocio para a xuventude no rural, que permita revertir o éxodo e que fixe poboación no rural que permitirá un gran avance socioeconómico en Galicia.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta escrita:

Que medidas ten pensado levar a cabo o Goberno galego para revertir a situación de déficit nas principais producións agrícolas galegas?

Santiago de Compostela, 11 de outubro de 2018.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Antón Sánchez García

Luís Villares Naveira

Deputados do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**David Rodríguez Estévez na data 11/10/2018 14:02:05**



**Antón Sánchez García na data 11/10/2018 14:02:13**

**Luis Villares Naveira na data 11/10/2018 14:02:20**

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Davide Rodríguez Estévez, Antón Sanchez García, e Paula Quinteiro Araujo**, deputados e deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**, sobre os incendios acontecidos o pasado 11 de outubro no Concello de Mondariz.

O incendio de Mondariz trae consigo a triste lembranza dos lumes que asolaron Galicia o ano pasado. A situación repítese unha vez máis porque dende as institucións non se fomenta unha ordenación cabal do monte que favoreza o seu coidado e a súa explotación. A Xunta de Galicia non está a facer o traballo de prevención de incendios que lle corresponde. Nin aposta pola recuperación do rural, nin dota de medios humanos e materiais suficientes aos brigadistas, nin planta especies que, a diferenza do eucalipto, sexan quen de resistir o lume.

O único que fai o Goberno de Núñez Feijóo e poñer escusas. A súa favorita é a da trama organizada de terroristas incendiarios que de verán a outono se dedican a sementar o país de lumes. O ano pasado, a Fiscalía Superior de Galicia desmontou este conto, pero aos populares non pareceu importarlles o máis mínimo. Agora, volven con el.

O domingo 7 de outubro Galicia volveu arder. Ás 18:17 prenderon varios focos en Mondariz que calcinaron máis de 150 hectáreas de masa forestal. O lume fixo que Medio Rural decretase a alerta nivel dous pola proximidade das lapas a Barro, na parroquia de Gargamala, o concello máis alto do municipio, habitado



maioritariamente por persoas de avanzada idade. Os veciños e veciñas tiveron que ser desaloxados e seis anciáns foron atendidos por problemas respiratorios.

A número dous do concello de Mondariz, Mónica Peralba, criticou que os medios aéreos foron escasos e tardaron moito en chegar, malia que foron reclamados con urxencia. En toda a tarde non houbo, segundo afirma, nin un só hidroavión. Tamén as motobombas chegaron tarde, unha delas cunha manguera en mal estado.

Porén, a Xunta de Galicia segue sen asumir que temos un problema coa falta de medios para loitar contra o lume. Continúa sen facerse cargo da súa responsabilidade no que sucede e continúa botando balóns fóra. O domingo 7, co lume aínda prendido, o vicepresidente da Xunta, Alfonso Rueda, declarou: “Por desgraza, estamos acostumbrados a estas situacións. Non é ningunha casualidade. Cando empeza a levantarse o vento, de repente aparecen lumes con varios focos, e –os presuntos incendiarios– saben que en pouco tempo se vai ir a luz e os avións non poderán facer o seu traballo”.

Outra vez, o Partido Popular recorre á tese desacreditada do terrorismo incendiario para tentar tapar as súas miserias. Non o logrou no pasado, non o vai lograr agora.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar de En Marea realiza as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. É certo que os medios aéreos chegaron tarde ao incendio de Mondariz? É certo que non houbo un só hidroavión operando en todo o día? É certo que as motobombas chegaron tarde, unha delas coa manguera en mal estado? Como é posible que isto suceda despois da funesta experiencia cos lumes do ano pasado?

2. O Partido Popular vai continuar defendendo a tese do terrorismo incendiario que o ano pasado foi desacreditada pola Fiscalía Superior de Galicia?

Santiago de Compostela a 11 de outubro de 2018

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Antón Sanchez García

Paula Quinteiro Araújo

Deputados e deputada do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**David Rodríguez Estévez na data 11/10/2018 16:42:52**

**Antón Sánchez García na data 11/10/2018 16:43:00**

**Paula Quinteiro Araújo na data 11/10/2018 16:43:07**



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa á EDAR Os Praceres.

A Xunta de Galiza encargou un Plan de saneamento local da ría de Pontevedra que prevé a mellora da EDAR dos Praceres, a ampliación desta infraestrutura e un novo emisario submarino dimensionado para os vertidos da depuradora ampliada e de ENCE.

Estas propostas contan con un importante rexeitamento social na parroquia de Lourizán, que lle foi trasladado ao goberno galego nas xuntanzas que tiveron lugar no mes de novembro. Por outra parte, no pleno do pasado 9 de outubro, todas as forzas políticas do concello de Pontevedra aprobaron un acordo unánime de rexeitamento á proposta de ampliación da depuradora dos Praceres, por considerar que vai ter un impacto moi negativo na contorna e que existen outras alternativas.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

-Vai ter en conta a Xunta de Galiza o posicionamento unánime do pleno da corporación municipal de Pontevedra en contra da ampliación da depuradora dos Praceres?





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 11/10/2018 17:11**  
**Nº Rexistro: 38661**  
Data envío: 11/10/2018 17:11:49.850

-Que alternativas contempla a Xunta de Galiza para darlle solución aos graves problemas de saneamento que sofre a ría de Pontevedra?

Santiago de Compostela, 11 de outubro de 2018

**Asdo.: Luis Bará Torres**

**Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 11/10/2018 17:11:06**

**María Montserrat Prado Cores na data 11/10/2018 17:11:10**

**Ana Pontón Mondelo na data 11/10/2018 17:11:11**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 11/10/2018 17:11:13**



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

PARLAMENTO  
DE GALICIA



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 11/10/2018 17:11**  
**Nº Rexistro: 38661**

Data envío: 11/10/2018 17:11:49.850

**Olalla Rodil Fernández na data 11/10/2018 17:11:15**

**Noa Presas Bergantiños na data 11/10/2018 17:11:16**



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 11/10/2018 17:31  
Nº Rexistro: 38674  
Data envío: 11/10/2018 17:31:44.345

## Á Mesa do Parlamento

**Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa ao baixo nivel de execución orzamentaria na Consellaría do Mar.

Nos últimos anos é unha constante a baixa execución orzamentaria da Consellaría do Mar en xeral, a respecto de programas ligados ao fomento do sector. Trátase dunha eiva que, lonxe de corrrixirse, estase a intensificar ano tras ano. O "Estado de Execución dos Orzamentos da Xunta de Galiza para 2018" a data de 30 de xuño amósanos que o grado de execución dos orzamentos da Consellaría realmente exiguos, como o relativo ao programa competitividade e mellora da calidade da produción pesqueira e da acuicultura, co 1%, Construción, conservación e explotación portuaria co 1,7%, ou infraestruturas pesqueiras co 0,4%.

723A-Competitividade e mellora da calidade da produción pesqueira e da acuicultura	1,0
513A-Construción, conservación e explotación portuaria	1,7
514A-Infraestruturas pesqueiras	0,4



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Polas razóns expostas formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

-A que razón atribúe a Xunta de Galiza que partidas ligadas á Consellaría do Mar sexan, das de menor execución orzamentaria?

-Considera a Xunta de Galiza que o grao de execución dos citados programas correspóndese cunha boa práctica e xestión orzamentaria?

-A que cre a Consellaría que é debido o nivel tan baixo de execución dos programas citados?

-Cre a Consellaría que os programas que amosan baixos graos de execución acadaron o obxectivo político que tiñan asignado?

Santiago de Compostela, 11 de outubro de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

PARLAMENTO  
DE GALICIA



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 11/10/2018 17:31**  
**Nº Rexistro: 38674**

Data envío: 11/10/2018 17:31:44.345

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 11/10/2018 17:28:47**

**Ana Pontón Mondelo na data 11/10/2018 17:28:52**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 11/10/2018 17:28:54**

**Olalla Rodil Fernández na data 11/10/2018 17:28:56**

**Noa Presas Bergantiños na data 11/10/2018 17:28:58**

**Xosé Luis Bará Torres na data 11/10/2018 17:29:00**

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Paula Vázquez Verao**, deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta escrita**, relativa ao embarcadoiro dos Chancís en Sober, no río Sil.

A construción da presa de Santo Estevo, no río Sil, entre os anos 1945 e 1965, foi unha empresa de gran dificultade técnica e duras condicións laborais que modificou a paisaxe das ribeiras do Sil, convertendo un río rápido nunha gran masa de auga ancorada e anegando terreos fértiles sen compensación para as sociedades das beiras do río. O Sil é un río sobre-explotado a nivel enerxético, sen repercusión no recibo da enerxía da veciñanza.

Nos anos 90 desenvólvese a profesionalización da viticultura e comeza a utilizarse o Sil tamén para o turismo, coa posta en marcha das viaxes en catamarán, daquela practicamente a única actividade turística planificada.

A colocación do embarcadoiro para catamaráns da Deputación de Lugo nos Chancís, no Concello de Sober, cortando a caída ao río Sil da impresionante fervenza do regato da Xabrega, foi un despropósito megalómano da Deputación de Lugo presidida por Cacharro Pardo. A obra provocou un importante impacto na paisaxe –difícilmente reparable- e non serviu para os fins para os que foi deseñada, xa que o escarpado da zona ten moitas dificultades para o embarque e desembarque de catamaráns, desbotándose este punto como lugar de embarque. Ademais, o embarcadoiro como punto do catamarán amosouse inviable, tamén, pola falta de accesibilidade ao embarcadoiro por parte das persoas con



movilidad reducida. A Deputación Provincial de Lugo tiña un proxecto para a dotación dos Chancís dunha pasarela para a mellora da accesibilidade, así como a idea de adecuar o lugar da Xabrega como embarcadoiro. A escasa distancia deste punto dos Chancís, atópase, río abaixo, a zona da Xabrega, lugar natural para facer un embarcadoiro para embarcacións de tamaño medio e pequeno, para uso vitícola ou turístico, mesmo cando o caudal do río baixe de nivel.

Teñen sucedido periodicamente baixadas de caudal da auga encorada para a realización de tarefas de mantemento na presa de Santo Estevo, mesmo en plena tempada turística, entre agosto e setembro, como sucedeu en 2017, feito que provoca que o embarcadoiro dos Chancís, no Concello de Sober, quede inutilizado de vez, provocando prexuízo para as actividades turísticas que, directa ou indirectamente, se serven deste recurso. A empresa Iberdrola anunciou que realizará periodicamente, cada dous anos, este tipo de descenso de caudal.

No Pleno ordinario do Concello de Sober de setembro de 2017, o Goberno local, a través do Alcalde, anunciou que está en marcha un proxecto para adecuar o pantalán tanto ás baixadas do Sil como para mellorar accesibilidade, así como para permitir o uso a embarcacións de uso vitícola, ademais das turísticas, e informou de que o custo do proxecto será asumido por Turismo de Galicia, con 250.000 €.

Polo exposto, a deputada que subscribe formula as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Cando vai a Xunta impulsar o proxecto de mellora do embarcadoiro dos Chancís?



2. Ten previsto a Xunta impulsar e colaborar economicamente na adecuación dun embarcadero para pequenas e medianas embarcacións no lugar da Xabrega (Concello de Sober), así como na habilitación dos seus accesos?

Santiago de Compostela, 11 de outubro de 2018.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Vázquez Verao na data 11/10/2018 18:06:15**



# **ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA**

## **1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS**

### **1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA**

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

### **1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL**

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

### **1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO**

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

### **1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN**

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

### **1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS**

### **1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO**

### **1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN**

## **2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO**

### **2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO**

### **2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS**

### **2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR**

### **2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO**

## **3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA**

## **4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS**

### **4.1. INFORMACIÓNS**

### **4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS**



PARLAMENTO  
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO  
**PARLAMENTO DE GALICIA**

---

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727